


ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · Xaneiro- Febreiro- Marzo 2006]

FALAMOS DE:
Evo Morales
Eduardo Haro Tecglen
Almirante Miranda


Ciclo Cine Europeo

Congreso Feminismo Islámico



APERTURA DO JOFRE
... E O ATENEO QUÉ?

ARTIGOS:
San Miguel de Xuvia
por Fernando Dopico
Curiosidade Médica
por Carlos Piñeiro





nº 22

OUTRAS ENTIDADES, SERVICIOS, BREVES, LEMBRANZAS, MULLER, O PARNASO ...
e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE



Ferrol
unha boa alternativa

Arte, ocio e deporte, manifestacións relixiosas, música, folclore e festas populares... O encanto das súas rúas, a arquitectura da Ilustración, a beleza das súas paisaxes naturais e a variada oferta cultural e de ocio, fan de Ferrol algo máis que unha boa e interesante alternativa.

DOMINGOS A ESCENA - 2006

ás 19.00 hrs.

CENTRO CÍVICO DE CARANZA

Xaneiro
15.- BACHAREL TEATRO (Pontevedra): ***A caída do conselleiro*** de Anxo Lourido
22.- FERROLTERRA TEATRO (Ferrol): ***Hai que confiar na esperanza*** de Siro López
29.- FALCATRUADA TEATRO (A Coruña): ***O atraco ó banco*** de Gustavo Oreiro

Febreiro
5.- TEATRO DO CATRE (As Pontes): ***A cigoña*** de Pepablo Patinho
12.- CANDELEXAS TEATRO (Noia): ***O banco que fala*** (segunda parte de *Os bancos falan*) de Víctor Vez
19.- Patatín y patatán (A Coruña): ***Triunfadores*** de Rubén Ruibal
26.- TEATRO AIRIÑOS (Rianxo): ***Vaia Sarillo*** de Álvaro Portes

Marzo
5.- TI E MAIS EU TEATRO (Ferrol): ***O cadro do espantallo*** de Ti mais eu Teatro
12.- METATESE TEATRO (Palas do Rei): ***Habitación onírica*** de Afonso García Penas
26.- TEATRO AVENTO (Vigo): ***Mounstros*** de Teatro Avento

Abril
2.- TEATRO MURADANA (Cambre): ***Perdendo o fío*** de Susana Longueira
9.- MAX TEATRO (Ferrol): ***A miña muller e o fontaneiro*** de Hugo Daniel Marcos

NOITES TEATRAIS - 2006

ás 20.30 hrs.

TEATRO JOFRE

Febreiro
3-4.- Txalo Producciones: ***La ratonera de Agatha Christie***
5.- Producciones Cristina Rota: ***El zoo de cristal***
10.- A Factoría Teatro: ***Os homes só contan ata tres***
17-18.- Producciones El Brujo: ***Los misterios del Quijote o el ingenioso caballero de la palabra***
24.- Teatro do Atlántico: ***A raíña da beleza de Leenane***

Marzo
3-4.- Animalario: ***Últimas palabras de Copito de Nieve***
10.- Teatro de ningures: ***Misericordia***
17.- Sarabela Teatro: ***O heroe***
24.- R. T. A. : ***Hamlet***
31.- Sapristi: ***So, sobre***

Abril
7-8.- Áncora Produccións: ***Final de película***
21.- Talía Teatro: ***Esperando a Godot***
28.- Lagarta Lagarta: ***Carambola (cóncavo convexo)***


Maio
6.- Matarile Teatro: ***Historia natural (eloxio do entusiasmo)***
21.- Entrecajas: ***84 Charing Cross Road***

Xuño
10.- Taller 75: ***La cena***

Concello de Ferrol
CULTURA



SUMARIO



ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 22
Xaneiro-Febreiro-Marzo
2006

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).




CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
María Xosé Villar Corral

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán

ILUSTRACIÓNS DAS CABECEIRAS
Leandro

COLABORACIÓNS
Amadeo Varela, Ricardo Pena, Isabel Lodeiro Vales, Fernando Dopico, Juan J. Burgoa, Andrés Pena, Carlos Piñeiro, Xosé Leira, Tono da Graña, Emilio Xosé Insua, Xoán Neira, Vicente Miguez, Aurora Varela, Rosa Mª Martínez Dios

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, MESÓN "O ESCUDO", CERVECERÍA REPÚBLIKA, A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, SARGADELOS, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, LIBRERÍA DEL CAMPUS, CAIXA-NOVA, CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL, CONCELLO DE FERROL-CULTURA.



EDITORIAL

Rematou o 2005, catrocentos anos dende a primeira aparición do "Inxenioso fidalgo D.Quixote da Mancha", o primeiro lustro do século XXI, non esquecemos as angurias, discusións, augurios diversos no derradeiro ano do século XX e no primeiro do XXI, que se o novo século comezaba o 2000 ou o 2001, que se os ordenadores ían tolear, que non admitirían os novos díxitos e outros comentarios propios do cambio de século que inevitablemente sementan inquietude e desacougo nos máis despistados.

Pero pasou esa crise, sucedéronse os días, meses, anos e xa pasaron cinco. É certo que moi densos, con milleiros de mortos, ademais dos desgraciadamente habituais pola mísera condición dalgúns humanos, os que nos últimos anos provocou unha natureza inusualmente alporizada –maremotos, terremotos, tifóns, volcáns– todo o potencial destrutivo deste planeta que parece espertou nos últimos tres anos. Quizabes foi un miniciclo convulsivo que dá paso a un período de bonanza e equilibrio ambiental.

A globalización parece inevitable, pero depende o que entendamos por ese termo. Si á globalización no senso de extensión dos avances tecnolóxicos do progreso social, da aplicación en todo o mundo dos medios de mellora das condicións de vida dos seres humanos, de TODOS.

Si a globalización da PAZ, do entendemento entre as persoas, da tolerancia e colaboración.

Non á globalización dos sistemas dominantes e explotadores, non ó afogo dos pobres e á explotación das riquezas naturais sen respectar ós lexítimos donos xa que buscan o beneficio, o máximo beneficio dos de sempre. Non, por suposto, á expansión dos conflitos bélicos na busca de rendibilidade económica, e NON tamén a toda clase de violencia. Globalicemos o rexeitamento a toda a violencia, globalicemos os DEREITOS HUMANOS para toda criatura, para todo ser humano, atópese onde se atope. Globalicemos o respecto, o auténtico e amplo respecto a todos e cada un dos seres humanos e a tódos os entornos naturais no que eses seres, nós, vivimos.

O MUNDO ....
Por veces presenta un panorama inquietante con moitas áreas cubertas pola fame, enfermidades, guerras, ou... as tres calamidades xuntas.

EUROPA ....
Un proxecto en marcha que ás veces parece excesivamente ambicioso.

ESPAÑA ....
En plena convulsión que algúns parecen interesados en agrandar e dramatizar.

GALICIA ....
Cambio no cumio, novas xentes e novos grupos, pero, de momento parece que certas formas, certos obxectivos, mantéñense con forte decepción para moitos.

FERROL .... ¡Ai! FERROL, FERROL, ¡canto por facer ... canto por sementar!, ...

DENDE ATENEA lanzamos **UNHA CHAMADA Ó OPTIMISMO**


ATENEO FERROLÁN

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA


PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS



***Adra*. Nº 0**
Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego
Ed. Museo do Pobo Galego
D.L.: C-2367-2005



***Capa*. Nº 17**
Cadernos de arqueoloxía e patrimonio
Ed. Instituto de estudos galegos Padre Sarmiento(CSIC)
ISSN: 1597-5357




***Tempos novos*. Nº 103**
Revista mensual de información para o debate
Ed. Atlántica de información
ISSN: 1137-6945



***Anuario Brigantino*. Nº 27**
Ed. Concello de Betanzos
ISSN: 1130-7625

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 300 cabeceiras coas que contamos.



***Andaina*. Nº 42**
Grafisant (Imp.)
D.L.: C-146-88



***Telón de fondo*. Nº 1**
Ed. FAETEDA. Federación estatal de asociaciones de empresas de tetaro y danza

PRENSA

local, rexional, nacional e internacional

Diario de Ferrol	*A Nosa Terra*	*El País*
La Voz de Galicia	*Faro de Vigo*	*El Mundo*
Galicia Hoxe	*La Opinión de A Coruña*	*Le Monde Diplomátique*
El Correo Gallego		



AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS



Ferrol, 1931-1952. De la república a la posguerra
Enrique Barrera Beitia
Ed. Embora
ISBN: 84-95460-46-7



O túnel da Malata e outros relatos do tren
Guillermo Llorca Freire
Ed. Librería del Campus
ISBN: 84-921363-4-9



Herba moura
Teresa Moure
Ed. Xerais
ISBN: 84-9782-347-8
Premio Xerais de novela 2005




Fobias
José Luis Prieto
Ed. Embora
ISBN: 84-95460-41-6
Premio Max de teatro 2005


ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA, O CATÁLOGO INFORMATIZADO CON MÁIS DE 7.000 VOLÚMENES.




Ruído. Relatos de guerra
Miguel Anxo Murado
Ed. Galaxia
ISBN: 84-8288-827-7



Encuentro científico internacional sobre itinerarios culturales
Publicación del comité nacional español de ICOMOS
ISBN: 84-88991-22-3



O heroe
Manuel Rivas
Ed. Xerais
ISBN: 84-9782-371-0



Las ciencias y el Quijote
Arturo Azuela
Ed. Ateneo Jovellanos de Gijón
ISBN: 84-931361-5-8

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA

VIDEOTECA

con máis de 50 curtametraxes, obras de teatro, documentais, música... E máis de 200 longametraxes, dende os clásicos ata o cine máis actual



UNHA BOA NOTICIA:



O TRIU[...] EVO M[...] EN BO[...]

EVO MORALES gañou as eleccións presidenciais en Bolivia con máis do cincuenta por cento dos votos. É a primeira vez que un dirixente campesiño, de orixe pobre e indíxena, gaña con esa maioría unhas eleccións no mundo. E as gañou, ademais, no país en que morreu Ernesto Guevara, apoiado polo pobo campesiño que décadas atrás non puido facer realidade a súa utopía e tivo que limitarse á creación do mito, pintando anonimamente sobre un muro branqueado de Vallegrande as vellas e coñecidas palabras de esperanza:

Che, vivo, como nunca te quixeron

Evo Morales ten agora 46 anos. Naceu o 27 de outubro de 1959 en Isallavi, no cantón de Orinoca, no departamento de Oruro e no seo dunha familia numerosa aymara. A comunidade na que naceu carecía entón dos servizos máis elementais: non tiña luz, nin auga nin rede de sumidoiros; os pais de Evo, Dionisio Morales Choque e Maria Ayma Mamani, vivían da agricultura e alternaban iso coa crianza de llamas. Catro dos seus irmáns morreron, outros tres sobreviviron. Formouse no colexio Beltrán Ávila, de Oruro, fixo o servizo militar e despois foi a vivir, xunto cos seus pais, na rexión do Chapare, principal zona cocalera de Bolivia. Alí traballaron no cultivo e produción de froitas.

«As duras condicións de vida da súa familia foron levando a Evo Morales a tomar conciencia social da situación dos indíxenas...».

As duras condicións de vida da súa familia foron levando a Evo Morales a tomar conciencia social da situación dos indíxenas, ó ter sido el mesmo vítima da discriminación e da represión, por ser cocalero. Nunha entrevista concedida hai uns meses lembraba o seu pasado para explicar os seus hábitos no presente:

"Cada vez valoro máis a enorme calidade humana do meu pai. Foi un home dunha solidariedade impresionante. E iso é algo que marca para sempre. A min aínda se me fai estrañísima a posibilidade de ter unha empregada da limpeza. Ás veces, alí no Chapare, lávanme a roupa, pero os meus calzóns e os meus calcetíns, lávoos eu. Iso é sagrado. Explicarei unha anécdota: en 1971, cando tiña catorce anos, na rexión do Ayllu, onde crecín, houbo unha sequía total e tan só tiñamos un gangocho [saco] de millo para toda a familia. Había algo de carne de llama e de ovella, pero iso era a única cousa de comer que nos quedaba. Meu pai decidiu sacarme da escola e funme con el, e con cincuenta llamas, a buscar máis millo ó outro lado do país. Viaxamos, sempre a pé, durante unha semana dende a nosa terra, Orinoca, cara a Oruro e de alá, camiñando cara a rexión do val. Un día chegamos á estrada que leva de Oruro a Cochabamba e cando a estabamos cruzando pasou un bus dende o que os pasaxeiros tiraban peladuras de laranxa pola ventá. Nós recollímolas e comímolas: ¡Parecíanos un manxar exquisito! Á nosa rexión chegaba unha laranxa ó ano e os tres irmáns nola disputabamos. Dende entón, o meu grande desexo foi poder viaxar un día naqueles autobuses, lanzando peladuras de laranxa pola ventá...".

En 1983 Evo Morales comenzou a participar na actividade sindical. Foi primeiro secretario de deportes do seu sindicato, en Puerto San Francisco. Cinco anos máis tarde encargouse da secretaría executiva da Federación do Trópico, implicándose cada vez máis na actividade sindical. Xa entón Evo Morales se distinguiu pola súa defensa dos recursos naturais, dos dereitos humanos e da xustiza social. A partir de 1990 participou na Central Obrera Boliviana (COB) e nela manifestouse a favor da alianza entre obreiros e campesiños. E nese ambiente aproximouse ainda máis ós dirixentes dos sindicatos cocaleros. Formulouse entón, xunto con outros militantes, a necesidade de crear unha organización política e contribuíu a fundar o que se chamou Instrumento Político pola Soberanía dos Pobos (IPSP). Ó non conseguiren rexistrar legalmente a organización, entrou no Movemento ó Socialismo (MAS),



NFO DE ORALES OLIVIA

organización pola que foi elixido parlamentario en 1997. No Parlamento boliviano enfrontouse abertamente ós partidos tradicionais (MNR, MIR, ADN) que terminaron expulsándoo do Congreso.

En 2002, Evo Morales presentouse como candidato do MAS á presidencia de Bolivia, sendo o primeiro líder indíxena en postularse para ese cargo. Chegou ó segundo turno, contra Sánchez de Losada, a quen o Congreso escolleu como Presidente. Logo participou activamente nas grandes manifestacións de 2003 e de 2005 que acabaron co derrocamento de Sánchez de Losada primeiro e do seu sucesor, Carlos Meza, despois. Mentres tanto, manifestou repetidas veces as súas ideas anti-imperialistas, contrarias ó neo-liberalismo. ¿Que ideas son estas? Basicamente tres: nacionalización dos principais recursos, defensa do cultivo da coca e Asemblea Constituínte para un estado que recoñeza xurídica e politicamente a diversidade cultural do país e dé voz ós indíxenas sen voz durante séculos.

O Movemento o Socialismo, ó que representa Evo Morales, propón a nacionalización dos hidrocarburos, en particular do gas, principal riqueza do país, así como dos recursos naturais para a súa industrialización. Considera inconstitucionais os contratos denominados de risco compartido e afirma no seu programa que defenderá ante calquera Corte Internacional a obrigatoriedade da revisión destes contratos, polo que non se aceptará ningunha posición de permanencia ou prolongación do anterior réxime de concesións. En consonancia con esta posición, o MAS proclama que "todo o gas e o petróleo que se extrae en Bolivia ten que ser entregado en propiedade ó Estado boliviano e que será o Estado boliviano quen defina as condicións soberanas de utilización dos hidrocarburos. Isto inclúe total liberdade para determinar ou fixar os prezos. Por outra parte, o programa do MAS establece que o Estado boliviano asumirá a industrialización do gas natural, coa consideración de que iso permitirá dar inicio a un proceso de superación dunha longa historia que consistiu en concentrar a actividade económica na produción e exportación de recursos naturais como materias primas. Propón dar prioridade ó aumento da produción, á industrialización do gas para obter o diesel ecolóxico, á fabricación de plásticos e proxectos de industrialización xeral nun período de 5 anos. Nisto o seu obstáculo principal será Repsol, pero tamén as constricións que supón a actual Área de Libre Comercio das Américas (ALCA),



Logo está o asunto da coca, que é clave para os campesiños do país. Evo Morales declarou en varias ocasións que o Movemento ó Socialismo non defende, sen máis, o libre cultivo da coca e que presentar a cousa así é un erro. Do que se trata é de que en Bolivia existe un mercado legal de coca, do que se derivan unha serie de produtos industrializados (non cocaína) beneficiosos para a xente. Propón, por tanto, a ampliación dese mercado, o que, entre outras cousas, permitiría negociar en condicións favorables con outros países e multiplicar a venda de mate de coca para infusións. Nisto Evo Morales e o MAS chocan coa política da actual administración norteamericana. Morales argumenta ó respecto: "Eles queren que haxa coca cero (erradicación total de cultivos de coca), pero iso é totalmente absurdo. Falar de coca cero é falar de cero quechuas, cero aymaras e cero guaraníes, porque para estas culturas a folla de coca é un produto sagrado". En consecuencia, esixe que se paralice a erradicación forzosa dos cultivos de coca e que se estude a cánto nos toca por familia. É a partir de aí dende onde se pode propoñer un pacto internacional para loitar contra o narcotráfico.

No plano estritamente político, o programa do MAS propugna a convocatoria dunha Asemblea Nacional Constituínte, co argumento de que, despois de 180 anos de historia republicana, por primeira vez os pobos autóctonos, os sectores sociais espoliados e as minorías teñen que ter a posibilidade de participar nunha Asemblea que reflicta de verdade a composición multinacional e pluricultural de todo o territorio de Bolivia. O MAS aspira a un Estado cuxa identidade moral e ética estará baseada en "a simbioses, na interculturalidade, no equilibrio e no respecto á natureza, no amor á vida, á liberdade e á sabeduría, para vivir ben". O obxectivo é fundar un novo Estado, composto por nacións milenarias e pola diversidade de culturas, recuperando a herdanza tradicional e promovendo a revitalización das identidades, valores e saberes. ✠

Evo Morales soe resumir o seu programa lembrando precisamente o código ético dos quechuas e os aymaras: ama asua, ama llula, ama quella, ou sexa: non ser ladrón, non ser mentiroso, non ser ocioso.

«Manifestou repetidas veces as súas ideas anti-imperialistas, contrarias ó neoliberalismo».



DESAPARECE UN PERIODISTA TOTAL

MORRE HARO TECGLEN, O NENO REPUBLICANO



O CRÍTICO TEATRAL, EDITORIALISTA E ARTICULISTA DE EL PAÍS FALECEU O 19.10.05 EN MADRID ÓS 81 ANOS

Cando o último día de xuño de 2004 celebrou cun grupo de amigos e celebridades os seus 80 anos, nun acto calorosísimo no Círculo de Belas Artes de Madrid, Eduardo Haro Tecglen era aínda o periodista total que foi dende a súa adolescencia. Pero xa estaba ferido por unha melancolía que o converteu nun escéptico que fixo da súa columna diaria en EL PAÍS un manifesto da rabia dun *rojo* que se resistía a perder a guerra.

Eduardo Haro era madrileño; naceu en Pozuelo de Alarcón en 1924 pero viviu sempre no barrio de Chamberí, e durante os primeiros anos da súa vida compartiu rúas e xogos con outro grande da súa xeración, Fernando Fernán-Gómez. Moitos anos despois, Eduardo Haro decidiuse a escribir *El niño republicano*, acaso o seu mellor libro; entrou nel cunha reticencia propia do Haro furaño dos vellos tempos, e saíu del purificado, e máis querido aínda polos seus lectores, máis reconciliado consigo mesmo.

Percorreu España de cabo a rabo, contando aquela adolescencia coa súa nai polas rúas da República, en Madrid, pendente do seu pai, importante periodista da época e condenado a morte polo franquismo triunfante; finalmente, a pena foille conmutada por 30 anos de cárcere. De toda esa historia Haro saíu *rojo*, e nos últimos anos esa cor ideolóxica foi a que lle serviu para identificarse.

El niño republicano foi o emblema co que Haro se reivindicou a si mesmo ante a historia que el e a súa xeración viviran. Foi a súa obra maior, porque acaso nela contou o tempo máis feliz da súa vida, o que lle deixou unha pegada máis fonda. Era o libro dun narrador. Pero el fixo periodismo de todo, e exerceuno até o final. Dirixiu durante 10 anos un diario emblemático, *España*, de Tánger; entón coñeceu ós grandes da xeración *beat*, dende Truman Capote a William Burroughs e Paul Bowles, e atopou na vida cosmopolita a base do seu horror ós nacionalismos e as capelas. Foi corresponsal en París de *Informaciones* e traballou noutros medios, onde sempre destacou pola súa rapidez e pola súa versatilidade.

Da súa experiencia internacional e da súa curiosidade naceu un Haro múltiple que pasou á historia como un dos grandes artífices de *Triunfo*, a revista que fundou e dirixiu José Ángel Ezcurra. Haro Tecglen foi durante 20 anos en *Triunfo* un *home orquestra* que asumiu varias identidades e unha soa personalidade, a do periodista que non quere que nada escape ás súas paixóns.

Cando pechou *Triunfo*, incorporouse inmediatamente a EL PAÍS. Xa colaboraba como membro do equipo editorial, e ingresou no periódico tamén para ocuparse da crítica teatral. Distinguiuse por ocuparse do teatro en todas as súas múltiples facetas e, do mesmo modo que se ocupaba dos grandes espectáculos nacionais ou internacionais, adentrábase nas salas alternativas, nas que a súa figura era esperada, temida ou saudada como se percibiu sempre a presenza dos críticos implacables.

Nos últimos anos engadiu a esa dedicación a súa columna diaria, *Visto / Oído*. Por aí empezaban moitos lectores a ler EL PAÍS cada día, e iso tíñano, como un gran eloxio.

Era un home alto, robusto; durante unha época esa presenza física fíxoo parecer lonxano e incluso fachendoso; a aparición de *El niño republicano* acercouno máis á xente, nun período, ademais, en que xa a súa presenza era cotiá e a súa escritura, sincopada, urxente, autocrítica –respondía ó teléfono e dicía: "Aquí, el pobre Haro"–, pasou a formar parte do imaxinario imprescindible de moitos lectores de todas as xeracións.

Ese éxito que tivo co público, con ese libro e coas súas aparicións diarias ou semanais na Cadena SER, convertérono nun home moi popular. A vida, sen embargo, lle estaba resultando sumamente esquiva. A morte de catro dos seus fillos foi, entre todos os golpes da súa biografía, os máis crueis, os máis determinantes. "Eso es dolor perpetuo", díxonos. Esa ferida, e a sensación, que el facía explícita, de que o mundo que se ía vivindo xa non era o seu, abalanzáronse sobre o seu modo de ser, e xa nos últimos tempos o Haro escéptico fíxose dono de todos os Haro que fomos coñecendo ó longo do tempo.

Tivo todos os premios que un poida imaxinar no campo da defensa dos dereitos humanos; eran, dicía el, "premios de rojo". E escribiu, tamén, libros de rojo: *Fascismo, génesis y desarrollo*, *La guerra de Nueva York*, *Qué estafa*, *El hijo del siglo*, *Ser de izquierdas*... ou a conversa *La buena memoria*, na que Diego Galán recolleu as memorias de Haro e Fernán-Gómez.

Nos últimos tempos, acaso para vingarse do mundo, integrou todos aqueles Haro dos mil seudónimos nun só, e o resultado foron estas columnas que escribiu en EL PAÍS: rabiosas, cáusticas, as columnas dun *rojo* que se resiste a perder a guerra.

Tomado de:

JUAN CRUZ

EL PAÍS
Cultura
20-10-2005

FIGURAS DESTACADAS DA NOSA HISTORIA

INICIAR UNHA SECCIÓN DA REVISTA CON ESTA TEMÁTICA NON É TAREFA DOADA E DE SEGURO EXPOSTA A CRITERIOS DIVERSOS E ÁS VECES OPOSTOS ÓS LECTORES E AS LECTORAS. ISTO É INEVITABLE E É BO QUE SEXA ASÍ. ENCAIXA NOS VALORES QUE O ATENEO, OS ATENEOS, TENTAMOS DEFENDER E ESPALLAR: DIVERSIDADE, LIBERDADE E TOLERANCIA.

É FUNDAMENTAL O COÑECEMENTO DA NOSA HISTORIA, É BO LEMBRAR E RECOÑECER ÓS QUE FORON PROTAGONISTAS NO SEU TEMPO E É GRATIFICANTE OBSERVAR A LEDICIA E O ORGULLO DAS SEGUNDAS OU TERCEIRAS XERACIÓNS QUE CONVIVEN CON NÓS AGORA E RECOMPILAN DATOS, PASAXES, EPISODIOS E LEMBRANZAS DOS SEUS ANTERGOS.

Dun amplo informe sobre a vida e a obra do ALMIRANTE MIRANDA Y GODOY composto por biografía, reseñas de prensa e dous álbumes de fotografías, entresacamos uns apuntamentos significativos desta figura político-militar de finais do século dezanove e principios do vinte que aínda que oriundo de Andalucía (Archidona-Málaga) estivo moi vencellado a Ferrol e podemos consideralo ferrolán de adopción, polas súas aportacións en prol da Armada, de instalacións industriais, e o que é máis importante, pola súa abondosa descendencia que até hoxe conforman conveciños ferrolás de distintos sectores sociais.

Vaian estas páxinas coma homenaxe e recoñecemento na liña do que dixo GOETHE no seu día: "Ditoso o que lembra os seus antergos con ledicia, quen fala gustosamente das súas accións e da súa grandeza e quen serenamente aledase ó atoparse na ringleira de tan fermosa liñaxe".



AUGUSTO MIRANDA Y GODOY

Almirante e ministro da mariña española; naceu en Archidona (Málaga) en 1855, e finou en Santiago de Compostela en 1920.

Escribiu gran número de libros de texto e outros traballos. Unha das súas obras máis salientables-sen dúbida- foi o "CÁCULO INFINITESIMAL e MECÁNICA RACIONAL", utilizado como libro de texto na ESCOLA NAVAL durante anos.

En 1931 ascendeu a Vicealmirante. Foi Ministro de Mariña no Gabinete de Dato e baixo a Presidencia do Conde de Romanones. Foi o gran impulsor da flota naval da Armada Española e o autor da famosa "LEI MIRANDA" de 17 de febreiro de 1915 pola que se nacionalizou a industria de construción naval. Dita Lei decretaba a construción de 4 cruceiros, 6 destructores, 28 submarinos, dos que se fixeron ou mercaron 16, 3 canoneiros e outros barcos menores. O desenvolvemento da Lei Miranda en canto a construcións navais militares durou 15 anos e ademais froito dela son as Bases Navais secundarias de Marín, Ríos (Vigo) e Mahón.

Un dos logros do Almirante Miranda, pouco coñecido, foi a reorganización de todo o persoal da Armada. Modernizou os corpos de oficiais, suboficiais e mariñería, creando as especialidades de artillería, radio, manobras, electricidade hidrografía e mariñeiros de Oficio.

O rei Alfonso XIII ofreceulle o cargo de Presidente do Goberno pero non puido aceptalo pola súa delicada saúde. Decidiu someterse a unha operación para poder asumir novas responsabilidades pero non a superou e morreu, como xa diximos, en 1920 en Santiago.



EFEMÉRIDES

O Diario de Ferrol de 07-05-2000 recolle un traballo de Mario Valdivieso no que fai unha semblanza do Almirante Miranda sacada dun estudo etnográfico e histórico sobre o río Belelle. Nela resalta o papel destacado do Almirante na construción da Fábrica de luz da Fervenza, actuación industrial de progreso cuxa idea débese a el. Nese mesmo artigo recoñécese a carta de ferrolanía deste insigne militar e político afincado en Ferrol dende a súa infancia.

No ano 2002 publícase a Orde 145/2002 do Ministerio de Defensa publicada no Boletín Oficial do día 5.07.05. Nela dispoñía o traslado dos restos mortais do Almirante Miranda ó PANTEÓN DE MARIÑOS ILUSTRES en San Fernando (Cádiz).

Con data 15 de setembro de 2005, temos constancia da solicitude, formulada polo seu bisneto JAIME ANTÓN VISCASILLAS no nome e representación da familia MIRANDA, de adicarlle unha praza ou rúa da cidade a este home ilustre con méritos sobrados para iso.

A súa cidade natal, Archidona, as cidades de MAHÓN, MARÍN e SAN FERNANDO (Cádiz) teñen xa prazas e rúas adicadas ó Almirante Miranda.

O ATENEO FERROLÁN súmase a esta iniciativa presentada ó Ilmo. Sr. Alcalde de Ferrol. Os bos e xenerosos han de ser recoñecidos e perpetuados.

«...temos constancia da solicitude, formulada polo seu bisneto JAIME ANTÓN VISCASILLAS no nome da familia MIRANDA, de adicarlle unha praza ou rúa da cidade a este home ilustre con méritos sobrados para iso».

Bibliografía salientable:

"EL ALMIRANTE DON AUGUSTO MIRANDA Y GODOY EN LA HISTORIA NAVAL DE ESPAÑA", de Jaime Antón Viscasillas (Bisneto do Biografiado)

CINE EUROPEO RECENTE

Por ISABEL LODEIRO VALES

Dende o Ateneo Ferrolán queremos seguir ofrecéndovos o ciclo **"Martes de cinema"** e, desta vez para este próximo trimestre imos centrarnos no cine europeo dos últimos vinte anos, a través da selección de once filmes, advertindo ó lector que non é unha situación doada acotar o tema en tan só once títulos.

Así van quedar fóra desta cita co cinema autores clásicos e as súas últimas cintas, coma Kubrick, Godard, Rohmer, Theo Angelopoulos, André Techiné ou Bertrand Tavernier, etc, non porque non os consideremos grandes directores, que evidentemente o son, senón porque queremos facervos eco de novos directores que dirixiron auténticas obras mestras nestes anos que imos a representar.

Imos comezar cunha obra de temática social coma é "Transpotting" (1996), dirixida polo inglés Danny Boyle (Manchester, 1956), que narra a frenética vida de cinco mozos británicos e a súa relación coas drogas. O filme, é unha crítica ácida contra a sociedade británica que se sostén moi ben na pantalla grazas á excelente dirección dos actores por parte de Boyle.

A segunda cita co cinema vai ser a comedia costumista "Café Irlandés" (1994), dirixida por Stephen Frears (Leicester, Inglaterra, 1941), que é a adaptación dunha novela de Roddy Doyle e que narra a vida dunha familia de oito membros que viven nun barrio obreiro de Irlanda e que forman un grupo moi peculiar, onde Frears, móstranos unhas personaxes esaxeradas pero que son facilmente recoñecibles por parte de todo o mundo.


A continuación, arriscámonos a proseguir coa obra do director Stephen Frears coa súa obra "Liam" (2001), que nos ofrece a visión do Liverpool dos anos 30, concretamente a dun barrio de irlandeses católicos, a través da mirada dun neno "Liam" sobre os tempos que lle tocaron vivir da depresión económica. Este filme está narrado cunha ironía moi sutil.


Proseguiremos co filme "Azul" (1991) de Krsysztof Kieslowsky (Varsovia 1941-1996) filme que forma parte da súa triloxía "Tres colores:azul, blanco, rojo". En "Azul", narrase a vida de Julie que intenta superarse do drama da súa vida ó morrer en accidente o seu marido e a súa filla, feito que a leva a desexar morrer mais non sendo capaz de facelo, intenta borrar todo o seu pasado e négase a vivir.

E, proseguindo cos clásicos do cine europeo dos últimos tempos, e, por extensión do cinema social, é o momento de participar da obra de "Mi nombre es Joe" (1998) do gran cineasta Ken Loach (Inglaterra, 1936) que retorna ó cine social. Nesta cinta nárranse os avatares da relación entre Joe e Sarah. El, acaba de abandonar o alcohol e adestra nun impresentable equipo de fútbol e ela, é unha asistente social entregada ó seu traballo, ambos, deben enfrontarse a un mundo difícil no que loitarán por sobrevivir. Dicir tamén que o seu protagonista –Peter Mullan– obtivo o premio de interpretación do festival de Cannes.

O sexto filme vai ser a comedia "La cena de los idiotas" (1999), de Francis Veber (Francia, 1937), que esta baseada nunha exitosa obra teatral francesa e, que é unha comedia chea de enredos e de xestos que reivindica por riba de todo a risa a través da palabra na mellor tradición da comedia americana dende Howard Hwaks, pasando por Billy

«Imos centrarnos no cine europeo dos últimos vinte anos».






De esquerda a dereita: Danny Boyle, Stephen Frears, Krsysztof Kieslowsky e Ken Loach

FALAMOS DE...





De arriba a abaixo: Francis Veber, Gabriel Axel, Percy Adlon, Patrice Leconte, Jean-Pierre Jeunet e Wolfgang Becker

TRAINSPOTTING (1996) de Danny Boyle
CAFÉ IRLANDÉS (1994) de Stephen Frears
LIAM (2001) de Stephen Frears
AZUL (1991) de Krzysztof Kieslowski
MI NOMBRE ES JOE (1998) de Ken Loach
LA CENA DE LOS IDIOTAS (1999) de Francis Veber
EL FESTÍN DE BABETTE (1987) de Gabriel Axel
BAGDAD CAFÉ (1987) de Percy Adlon
EL MARIDO DE LA PELUQUERA (1990) de Patrice Leconte
AMELIE (LE FABULEUX DESTIN D'AMÉLIE POULAIN) (2001) Jean-Pierre Jeunet
GOOD BYE LENIN! (2003) Wolfgang Becker

Wilder, mencionando tamén o filme "La soga" de Alfred Hitchckok, en tanto que as dúas desenvólvense nunha habitación co grao de dificultade que iso supón á hora de rodala pero que Francis Veber soubo resolver acertadamente e con gran mestría.

A seguinte é "El festín de Babette" (1987) de Gabriel Axel (Dinamarca, 1918), que está baseada nun conto da escritora Isak Dinesen (máis coñecida pola súa obra "Memorias de África") do libro "Anécdotas del destino". O filme cóntanos a vida dun pobo illado de pescadores na costa danesa, que practica no sentido máis estrito os principios relixiosos que o pastor predicou durante anos. Cando este morre, as súas dúas fillas continúan adiante coa súa obra e a súa palabra. Até que un día chega unha moza francesa que representa a aparición dun estraño no paraíso e o cambio é máis brusco cando –coma mostra da súa hospitalidade– ofrécelles un banquete en honor do defunto pai. Este filme acadou o Óscar á mellor película estranxeira.

Proseguiremos con *Bagdad Café* (1987), comedia dirixida por Percy Adlon (Munich, 1935), que nos narra a historia dun matrimonio que no medio do deserto teñen unha discusión e, a muller, Jasmine, baixa do coche e vai parar a un sucio bar, o Bagdad Café. Pouco a pouco, Jasmine entabla amizade cos clientes habituais e as cousas van cambiando no bar. Este filme, acadou entre outros premio o César á mellor película europea.

Continuamos con "El marido de la peluquera" (1990), de Patrice Leconte (París, 1947), un clásico xa do cine europeo recente que nos conta unha apaixonante historia de amor a primeira vista por parte de Antoine e –como non– a perruqueira.

E, proseguimos con *Amélie* (2001) do cineasta francés Jean-Pierre Jeune (Loire, Francia, 1953) autor tamén da coñecida *Delicatesen* (1991). Neste filme narra un conto de fadas coma os que nos lían cando eramos pequenos, e, é así que ó longo do filme embriagámonos da maxia de Amélie a través da súa imaxinación desbordante para suplilas faltas de cariño. Destacar, así mesmo, a marabillosa banda sonora, a cargo de Yann Tiersen.

E, para finalizar coa programación deste trimestre, farémolo coa cinta Good bye, Lenin! (2003), dirixida por Wolfgang Becker (Alemania, 1953) na que se nos narra a vida dun raparigo Alex, e, a súa nai que vivía en coma en outubro de 1989 e que estaba moi orgullosa das súas ideas socialistas. Cando esperte do coma, Alex fará todo o posible para que a súa nai pense que a Alemaña Oriental existe. Este filme gañou o Ángel Azul á mellor película europea no Festival de Berlín 2003, así coma o premio especial do xurado no Festival de Cine de Valladolid 2003.

BRIANTE

ASOCIACIÓN DE ECONOMÍA SOCIAL

É unha entidade sen ánimo de lucro que dende unha metodoloxía solidaria, participativa e cooperativa busca promover e fomenta-la integración socio-laboral de mozos e outros colectivos con dificultades de inserción. Así como participar e apoiar ás entidades de desenvolvemento local e outras formas de organización económica democrática.



ACTIVIDADES CLAVE:
- Consultora Social
- Bolsa de Emprego
- Formación
- Investigación Social

Traballamos con:
- o Federación Cooperativas de Galicia Sinerxía.
- o Unión de Cooperativas de Traballo Asociado Eixo.
- o Afaes "Porta Nova".
- o Grupo de desenvolvemento local Euroeume.
- o Concello de Narón.
- o REAS (Rede de economía alternativa e solidaria).
- o Rede Global de Socioeconomía Solidaria (Internacional).

CONSULTORA SOCIAL:

OBXECTIVOS:

§ Asesorar a entidades sen ánimo de lucro interesadas en crear e /ou xestionar estruturas de inserción laboral para colectivos desfavorecidos.

§ Asesorar a cooperativas e empresas de Economía Social.

§ Asesorar a rapaz@s que queiran construírse en Asociación ou clubs de emprego para reinserción laboral.

EXPERIENCIA:

§ Nesta traxectoria temos feito un asesoramento personalizado a rapaz@s emprendedor@s que constituíron empresas no eido da asesoría, os servizos á poboación, a educación ....

§ Asesoramento estratéxico, económico e organizativo a empresas de economía social en funcionamento.

§ Asesoramento a Asociacións e entidades do terceiro sector que traballan no campo da inserción socio-laboral.

BOLSA DE EMPREGO:

§ Creación de Clubs de emprego con moz@s. Seguindo a metodoloxía do club de emprego de Narón, que ten xa mostrado a súa eficacia. Isto é, empregando fundamentalmente Internet e correo electrónico como ferramenta de traballo.

§ O obxectivo e crear espazos de encontro socio-laboral permanente para que os mozos presenten proxectos e establezan conxuntamente estratexias para a súa incorporación ao mundo laboral como traballadores por conta allea ou mediante a creación de microempresas.

CONTACTO:
BRIANTE
briantesocial@hotmail.com
Rúa Alegre 32-34, 4º D
15401 - Ferrol (A Coruña)
Teléfonos: 639.459.624 / 675.644.587

«Briante busca promover e fomenta-la integración socio-laboral».



O CUME DE SALAMANCA 2005

XV Cumbre Iberoamericana
de Jefes de Estado
y de Gobierno
Salamanca, España
14 y 15 Octubre 2005

O XV Cume de Xefes de Estado e de Goberno da Comunidade Iberoamericana de Nacións reuniuse este ano na cidade española de Salamanca os pasados días 14 e 15 de outubro. Tratou de dar un novo e enérxico impulso a un foro que reúne, ó máis alto nivel, tres países europeos –España, Portugal e Andorra– e 19 latinoamericanos. Isto é o que chamamos Iberoamérica.



Barroso conversa con Solana

O Cume de Salamanca, que se celebrou durante o trixésimo aniversario da proclamación de Don Juan Carlos I como Rei de España, foi o punto de partida da Secretaría Xeral Iberoamericana, un novo instrumento do sistema iberoamericano que servirá, entre outras cousas, para dar seguimento ós programas acordados nos Cumes.

Esta nova **Secretaría Xeral Iberoamericana** terá a súa sede en Madrid e o seu titular será o uruguaio Enrique Iglesias, proposto unanimemente polos 22 países que se reuniron no Cume.

A Comunidade Iberoamericana de Nacións ten a ambición de falar cunha voz propia no mundo e facelo a favor da legalidade internacional, do multilateralismo, do papel de Nacións Unidas e da defensa do diálogo e a negociación como mellores maneiras de resolver os conflitos.




As primeiras damas de rolda cultural

Iberoamérica aspira a crear un modelo de espazo común en prol da democracia, da cohesión social e territorial, do desenvolvemento sostible e dos dereitos humanos.

Polo que se refire ó programa do Cume de Salamanca, os Xefes de Estado e de Goberno quixeron repasar a situación xeral da rexión e analizar, ó menos, dous asuntos moi concretos: a emigración e as relacións entre América Latina e a Unión Europea.

Na axenda do XV Cume estaban contemplados os seguintes grandes temas:



Almorzo de traballo dos primeiros representantes

- Canxe de Débeda por Educación. Trátase dunha idea española que pretende buscar fórmulas para a conversión de débeda en investimentos en educación e desenvolvemento.

- Foro Empresarial Iberoamericano. Celebrarase inmediatamente antes do Cume e reunirá por primeira vez a empresarios e institucións para que ofrezan compromisos concretos que axuden a combater a fame e a pobreza na rexión. Este Foro pretende ter continuidade nos próximos Cumes.

- Foro Cívico sobre Financiación e Desenvolvemento e Loita contra a Pobreza. Tamén se reunirá antes do Cume e ocuparase de estudar cuestións como o papel da cooperación internacional na axuda ó desenvolvemento e a participación cidadán na estratexia de loita contra a pobreza.

- Carta Cultural Iberoamericana. Trata de promover a diversidade cultural e a protección do acervo cultural iberoamericano para encontrar un espazo común de coñecemento, de educación e de investigación.

- Axenda e Doutrina Iberoamericanas de Desenvolvemento. É esta unha proposta que consiste en buscar posicións conxuntas ante temas e desafíos esenciais como as Metas do Milenio e a Alianza contra a Fame e a Pobreza.

Rede de Cooperación Xudicial Iberoamericana. O Sistema Xurídico Iberoamericano, que integra as Cortes Supremas, a Fiscalía e o Poder Xudicial, é un sinal de identidade da Comunidade Iberoamericana e un dos elementos máis importantes do seu acervo común.



FORO SOLIDARIEDADE CUBA-VENEZUELA SALAMANCA 2005

PÁXINA OFICIAL

Breve crónica do 15 de outubro en Salamanca

A organización estima que **en torno a 15.000 persoas** participaron na Manifestación e Acto Político celebrados en Salamanca o 15 de outubro de 2005, respondendo ó chamamento do Foro de Solidariedade de Cuba Venezuela Salamanca 2005, con ocasión d Cume Iberoamericano e baixo o lema *Pola soberanía dos pobos: paremos a agresión imperialista.*

Tanto a organización como a maioría dos participantes ós actos coincidiron en resaltar as seguintes valoracións sobre os resultados da Marcha e Acto Político do 15 de outubro en Salamanca:

a) o éxito da marcha e do acto político supuxeron un fito **no crecente recoñecemento e apoio dun importante sector da poboación ó papel da Revolución Cubana e do proceso político Venezolano** no contexto internacional.

b) ademais do significado que isto ten no terreo da Solidariedade, **supón, tamén, unha importante e traballada vitoria no plano da loita pola Liberdade de Expresión, tendo en conta que para logralo se tivo que sortear unha «salvaxe» presión en contra, con obstáculos de todo tipo** (*negativa de Pavillóns* Públicos para albergar o Acto Político tanto polo Concello de Salamanca , como por Concellos limítrofes como Santa Marta e Huerta, e incluso de Recintos Privados que declinaban finalmente a súa contratación) e unha *feroz campaña de intoxicación* nos Medios de Comunicación, con todo tipo de *alarmas, bulos, medos* e *mentiras.* Como dato baste citar a negativa, incluso, á dotación das ambulancias no acto. Máis aínda, se temos en conta *a total carencia de medios económicos, financiándose todos os gastos única e exclusivamente mediante os BONOS e os PINS emitidos para a ocasión.*

— O simbolismo de miles e miles de persoas IMPOÑENDO a realización do seu acto político ás portas do PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL de Wüzburg, é tremendamente significativo do logro da vontade popular, baseado na firmeza e a coherencia, para público escarnio e ridículo do equipo de Goberno do P.P. ó mando do Concello de Salamanca.

c) os actos supuxeron, ademais, un **alento e punto de inflexión histórico no horizonte das expectativas políticas da esquerda real,** cando se traballa atendendo ós criterios de UNIDADE, COHERENCIA e FIRMEZA que foron os pilares desta victoria popular.

d) como claves a resaltar para a consecución destes logros, cabría citar 2 en especial:

— o recoñecemento de amplos sectores populares da COHERENCIA e FIRMEZA da Revolución Cubana e o seu máximo expoñente, Fidel Castro Rut, así como da puxanza do proceso político Bolivariano en Venezuela.

— a ampla UNIDADE e COLABORACIÓN da gran maioría dos sectores sociais e políticos da Solidariedade con Cuba e Venezuela no Estado Español e Portugal, o que permitiu acadar un éxito sen precedentes, que non sería posible sen a APORTACIÓN de todos e todas: o **esforzo de todos e cada un dos que se desprazaron dende fóra** (soportando o cansazo dunha viaxe de ida e volta, sen pernocta, ante a *negativa final dos Concellos para habilitar zonas para o seu aloxamento),* a **resposta dos salmantinos e salmantinas acudindo ós actos sorteando o medo e a intoxicación** informativa, o **traballo perfectamente compenetrado dos e das activistas das organizacións da Solidariedade en Salamanca, o Estado Español e Portugal e a *desinteresada* e *brillante aportación dos Artistas* e *xentes do mundo da Cultura.***

¡Vaia dende aquí o noso máis SINCERO AGRADECEMENTO e cariño para todos eles, para todos e todas que puxeron o seu pequeno graíño de area e que permitiu escribir esta páxina na historia da SOLIDARIEDADE ENTRE OS POBOS. Vaia o noso ánimo ós pobos CUBANO e VENEZOLANO, para que non cesen no seu empeño e superen as dificultades que sen dúbida haberán de afrontar. O noso recoñecemento para os seus máximos representantes históricos e actuais, simbolizados nas figuras do **CHE** GUEVARA, SIMÓN **BOLÍVAR**, JOSE **MARTÍ**, **CHAVEZ** e **FIDEL.** A nosa lembranza máis sentida para os miles de heroes anónimos destes procesos revolucionarios e para os seus **auténticos protagonistas, a maioría dos POBOS de CUBA e VENEZUELA** !

CUBA logra o apoio expreso do CUME DE SALAMANCA nos seus conflitos con EE UU.

· Por primeira vez, todos os países iberoamericanos piden A FIN DO BLOQUEO.

· Reclaman a extradición do anticastrista acusado de dinamitar un avión de Cubana de Aviación en 1976.



O DRAMATURGO BRITÁNICO HAROLD PINTER PREMIO NOBEL DE LITERATURA 2005

«O idioma teatral de Pinter arremete contra un poder hipócrita que estraga a vida».



En 1957 publicou o seu primeiro drama, *The Room*, ó que seguirían *The Birthday Party* (1958), *The Caretaker* (1959), *The Lover* (1963), *Landscape* (1967), *Silence* (1969), *Viejos tiempos* (1971) e *One for the Road* (1984), até un total de 29 obras teatrais. Só figuran en castelán *Polvo eres*, *Luz de luna*, *Tiempo de fiesta* e *Lenguaje de la montaña*.

O comité do Nobel de literatura distinguiu a Harold Pinter polo seu talento para levar ao teatro unha visión da degradación da vida, entrevista na hipocrisía e na crueldade do poder. Dúas das principais obras do consagrado dramaturgo inglés, *Vellos tempos* e *A festa de aniversario* foron publicadas, nun só volume, por Edicións Xerais en 1999. Pinter está tamén traducido ao catalán (Edicións 62) e ao castelán polo selo vasco Hiru. *Vellos tempos* foi estreada pola Compañía do Atlántico, dirixida por Xulio Lago, en 1988.

O novo Premio Nobel de Literatura é o máis feroz revelador do colonialismo renovado dos gobernos inglés e norteamericano, unha actitude pola que os medios elegantes aplícanlle exclusión ou referencias paternalistas e caricaturescas ao seu mal carácter. Acaban de levar un susto coa decisión da Academia Sueca.

O que non lle perdoan é o respaldo que presta co seu enorme prestixio a todas as causas de emancipación e de resistencia ao imperialismo. Nun mitin de Londres en 1977 acusaba os Estados Unidos de "ignorar as reiteradas resolucións das nacións Unidas contra o bloqueo a Cuba o que constitúe un acto de barbarie con indiferencia monstruosa e arrogancia culpable fronte a opinión pública mundial". Pinter sentiu ese arruallo dos poderosos como estudante de Arte Dramática no Londres dos anos 40, á beira do teatro do Globo que coñecera as primeiras versións de Shakespeare.

Nado en Londres en 1930, Pinter criouse nun barrio do leste da capital británica poboado por familias obreiras e traballadores inmigrantes, unha experiencia vital que se ve reflectida en moitas das súas obras.

Fillo dun xastre xudeu sefardita e suscritor de "La Luz de Israel" un quincenal editado en Israel no castelán dos tempos da Expulsión, Pinter cultiva unha capacidade particular para as linguas en situación marxinal e a través delas para entrar nos rexistros tópicos e os lugares comúns da conversa coloquial como medio de defensa e ataque.

Este idioma no límite é un instrumento de enorme capacidade expresiva para contar as irracionalidades e imperfeccións da sociedade como consecuencia da estructura de clases. A arte non pode producir unha sociedade nova pero é un instrumento básico para poder interpretar o mundo e a historia. As primeiras estreas de Pinter chegan a unha tradición de teatro metida no realismo, sobre todo con Priestley e Coward, herdeiros da escrita escénica de penetración psicolóxica para criticar a clase media en frustración ou ao enxeño para revelar a impostura e a compracencia moral, como no caso de Shaw.

Pinter busca unha expresión superior á comedia crítica con elementos que se parecen ao teatro do absurdo e que xa foron comparados a Ionesco e Becket pero que se distancian claramente da paixón do irlandés (alguén o chamou realismo exasperado) e da retórica do rumano. Pinter é moito máis radical. O mundo parécelle unha miseria e a pretensión do poder de que se trata da mellor das situacións posibles unha perfecta canallada. Máis que meter a pica en aspectos concretos dunha personaxe ou dunha situación, Harold Pinter quere que o escenario represente unha poza de merda, unha foxa séptica. É o desconcerto dos críticos cando estrea *O Cuarto* (The Room) en 1957 que só salvou da queima Howard Hobson, lémbrese agora na súa honra, cando denunciou que nacera un autor importante. Dúas personaxes, Rose e Bert, teñen no centro da súa vida o terror ao mundo que fica por fóra da casa até que toman a decisión de conviviren con el cun resultado desastroso. Para afrontar o mundo non lles vale o silencio, a bonhomía nin o estado de sitio a que se teñen sometidos dentro da casa miserable.

1 de Decembro
DÍA MUNDIAL CONTRA A SÍNDROME

A ONU DI QUE A AMEAZA DO PLANETA É A SIDA E NON O TERRORISMO

Cada día morren no mundo 1.400 cativos con SIDA

Mentres nos países ricos hai anos que non se documenta a infección polo virus en nenos, no continente africano preto de dous millóns e medio de rapaces sofren da enfermidade e apenas un de cada dez recibe algún tipo de atención médica. Os datos feitos públicos esta semana por Médicos sen Fronteiras advirten que a estatística amosa que morre un cativo por minuto debido á SIDA, e que a metade aínda non chegaran aos dous anos de vida. Ademais, critican que a industria non está fornecendo medicinas adaptadas á fisioloxía dos menores para o tratamento da síndrome. Aproveitando o **Día Contra a SIDA**, desde o ministerio de Sanidade, a ministra Elena Espinosa criticou a actitude da Igrexa diante da enfermidade acusándoa de difundir «mensaxes confusas e irresponsables sobre o contaxio».

«É o maior crecemento dos últimos vintecinco anos», advertiu este luns un dos responsábeis do departamento de apoio do organismo da ONU para o estudo e control da SIDA. A zona da África subsahariana é a máis afectada do planeta, cun 64% das novas infeccións, o informe advirte dos significativos aumentos en Europa oriental e Asia central e avisa que «o andazo segue superando os esforzos mundiais para detelo». Dos mortos no que vai de 2005, máis de medio millón foron menores de idade. As Nacións Unidas subliñan ademais a necesidade do diálogo coa Igrexa para un acordo de mínimos que a comprometa coa recomendación do uso do preservativo, criticando que o debate moral promovido polo catolicismo ao respecto do profiláctico favorece o crecemento do andazo.

MÁIS DE CORENTA MILLÓNS DE PERSOAS AFECTADAS POLA SÍNDROME
Tres millóns de mortos e cinco millóns de infectados pola SIDA no que vai de ano

A SIDA en Galiza

Un total de 3.232 casos se rexistraron en Galiza deica mediados do 2004, desde que en 1981 se describise oficialmente o primeiro caso a nivel mundial. Dende aquela, o Sergas ten rexistrado o falecemento de 1.865 persoas, o 58% dos casos.


O descenso no número de novos enfermos é continuado dende 1997. Para a Consellería de Sanidade foi significativo que desde 1997 «non se teña producido ningún caso de transmisión da enfermidade nai-fillo». No 2002 notificáronse 105 casos e no pasado ano 2003, o número de casos novos foi de 91. A evolución os últimos anos: 355 en 1996, 256 en 1997, 146 en 1998, 145 en 1999, 142 no 2000 e 125 no 2001.

A enfermidade afecta sobre todo ás persoas novas e nunha ratio de 3 homes por cada muller. Segundo o Sergas, o colectivo máis numeroso é o de usuarios de drogas por vía parenteral. A Consellería de Sanidade vén de presentar o Plan de Acción anti-SIDA para os anos 2003-2006, que se centra nas actuacións «para previr, reducir, ou elimina-lo estigma e a discriminación dos enfermos de Sida e portadores de VIH».

Sanidade advirte que a práctica de compartir material de inxección para a administración de drogas, asociada ao 54% dos casos, ten diminuído nos últimos anos na súa importancia relativa respecto dos casos asociados á prácticas heterosexuais de risco. Pola contra, a transmisión por relacións heterosexuais non protexidas sobe cada ano e xa se detectou na actualidade que o 25% entre os homes e un 38% nas mulleres infectadas foron por esta causa. Ademais, o 12% dos casos en homes amosan riscos relacionados con prácticas homo ou bisexuais non protexidas.

Neste sentido, os servizos sanitarios insisten na necesidade de «manter, actualizar e potenciar constantemente todas as medidas preventivas dada a natureza cambiante da epidemia, facéndose primordial a promoción da proba de detección de anticorpos anti-VIH entre as persoas con prácticas de risco e a realización desta mesma proba a todas as mulleres embarazadas».

FALAMOS DE... 



TEATRO JOFRE "VERSUS" (SALVANDO DISTANCIAS) ATENEO FERROLÁN

REAPERTURA DO JOFRE

Ø Esperpéntico, inconcibible, absurdo, pero alguén, ou varios, fallaron nas súas obrigas...

Ø Moitas queixas, moitos lamentos, moitas declaracións críticas polo sucedido ...

E O ATENEO?

Ø Por favor, *"porfa"* como se di agora distendidamente... algunha protesta tamén polo caso do edificio do século XVIII, Magdalena 202-204.

Neste somos nós, os ferroláns, as ferrolás, a administración local os responsables do absurdo:

PROXECTO APROBADO, ENCARGADO e ABOADO ó ARQUITECTO para acomodar os dous edificios a un mellor servizo do ATENEO para todos os ferroláns e as ferrolás. Ninguén pode discutir esta realidade día a día demostrada. O financiamento da obra está resolto. Hai cartos, entón qué pasa? .... esto non depende de MADRID.

Alguén pode contestar...?

UNHA ILUSIÓN FRUSTRADA......
¡DE MOMENTO!
UN ATENEO PARA O SÉCULO XXI

O Ateneo Ferrolán naceu coa vocación de acercala cidade a novas perspectivas culturais e abrir a toda a sociedade ferrolán un novo foro onde expresa-las súas inquietudes.

O desenvolvemento destas actividades producíase no edificio nº 202 da rúa Magdalena, un edificio do século XVIII destinado orixinariamente a vivenda unifamiliar, caracterizado principalmente pola súa sobriedade ornamental, as carpinterías de madeira e pola imaxe do balcón voado coas súas ferraxes de gran calidade. O novo edificio, o nº 204, responde, sen embargo, a unha tipoloxía doméstica cunha clara intencionalidade, reflectida na fachada, de albergar distintas familias en cada unha das plantas.

Dous edificios e unha función, unha tribuna para a cultura, para a arte e o pensamento, para o mundo do progreso. Un reto, valora-lo existente e resalta-la funcionalidade do novo espazo sen esquecer nunca que o ámbito de actuación se atopa no Barrio da Magdalena. Seguindo estas premisas, a proposta materialízase en dúas actuacións fundamentais, interior e exterior, relacionadas intimamente.

Un acceso unificado e un vestíbulo desde o que se mostre todo o funcionamento do edificio, constitúen a parte fundamental da proposta interior. Un espazo de unión e de encontro, un espazo distribuidor e ordenador de estancias, integrador, unha transición entre os dous edificios resolta con vacíos e elementos de comunicación como escaleiras e ascensores e unha suave rampa que serve ademais para salva-la diferenza de cotas entre un edificio e outro.

Consérvase a distribución de espazos da antiga sede, destinada a despachos, salas de exposicións e salón de actos e destínase o novo edificio a locais para o desenvolvemento de diversas actividades.

A última planta unifícase para acolle-la biblioteca e unha sala de lectura dando resposta á crecente necesidade dun espazo maior para o desenvolvemento destas actividades.

A fachada constitúe un dos elementos máis importantes da actuación exterior. Conservando a fachada da antiga Sede restaurada nos anos 80, interesa mostra-la cara do novo edificio sen postizos de ningún tipo, apostando pola sobriedade do conxunto e enfatizando o seu sentido unitario.

Dous edificios e un obxectivo.

Incorpóranse á antiga sede 758,19 m² distribuídos entre o vestíbulo, cafetería, aulas, biblioteca, sala de lectura, baños e circulacións, que permiten desenvolver con maior facilidade e comodidade as actividades realizadas pola sociedade e cuxo orzamento ascende á cifra de un millón sesenta e oito mil catrocentos tres euros (1.068.403, 00€). O estudo Alcalá Arquitecturas é o encargado da realización do proxecto, encabezado polo arquitecto Alfredo Alcalá, conta cun equipo constituído por profesionais novos da arquitectura como os arquitectos Sergio Beceiro e Victoria Alonso e o arquitecto técnico Santiago Bores.

«Dous edificios e unha función, unha tribuna para a cultura, para a arte e o pensamento, para o mundo do progreso.».



A ASOCIACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA PREPARA UN INFORME PARA O GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA

A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) está a preparar un informe que tiña previsto entregar á Xunta de Galicia o pasado mes de novembro, cando se cumpriron trinta anos dende o final da ditadura franquista.

A ARMH, que levou a cabo as primeiras exhumacións de fosas comúns en Galicia, leva cinco anos traballando, dende a súa creación en decembro de 2000, a raíz da exhumación dos corpos de trece civís republicanos que se levou a cabo en Priaranza del Bierzo (León).

Dende entón, a ARMH exhumou os restos de máis de 400 persoas en diferentes comunidades autónomas e realizou diversos actos en torno á memoria dos republicanos e as republicanas que construíron a nosa primeira democracia.

Na actualidade, a delegación galega da ARMH está recompilando a información reunida sobre as catro provincias galegas e realizará unha serie de propostas ó goberno da Xunta, para que repare e recoñeza publicamente ás vítimas do franquismo.

Dende as exhumacións de Portomarín e O Vicedo, o pasado mes de agosto, a ARMH recibiu diversas reclamacións de familias galegas que solicitan axuda para recuperar os restos de algún familiar desaparecido.

A delegación galega da ARMH ten previsto solicitar unha reunión cos responsables da Xunta, para expoñer as súas propostas e reclamar axuda urxente para a búsqueda dos desaparecidos, dado que moitos dos familiares son xente de idade moi avanzada que tivo que esperar demasiados anos para que chegara este momento.

A asociación presentará un apartado específico acerca do estado do Arquivo Intermedio da Rexión Militar Noroeste, de Ferrol, no que se atopan os sumarios instruídos contra miles de galegos que foron represaliados polo franquismo.

Entre o resto das propostas pedirase á Xunta a realización dunha campaña de busca de "doadores de memoria" para a gravación de testemuñas orais dos superviventes da ditadura e a creación dun arquivo oral da memoria.


Por último, a ARMH pedirá a celebración dun acto de homenaxe no ano 2006, cando se cumpran setenta anos do inicio da guerra civil. Unha homenaxe na que se reúnan os e as superviventes galegos e se lles brinde un agradecemento institucional a todos os homes e mulleres que loitaron polo mantemento da liberdade e a fin da ditadura.

(O 25 de xuño de 2004 a ARMH organizou, xunto á Fundación Contamíname do cantautor Pedro Guerra, unha homenaxe ó que asistiron 741 octoxenarios de toda España e no que participaron 27 artistas entre os que se atopaba o escritor galego Manuel Rivas. Á homenaxe asistiron 25.000 persoas).

www.memoriahistorica.org

«Reclamase axuda urxente para a búsqueda dos desaparecidos».



EMIGRACIÓN:
MANIFESTACIÓN DO DÍA 29 DE OUTUBRO DE 2005

Contra a flagrante vulneración dos Dereitos Humanos dos inmigrantes e solicitantes –ou potenciais peticionarios– de Asilo, nos pasos fronteirizos de Ceuta e Melilla, e o uso de violencia desproporcionada por parte das forzas de seguridade do Estado, co resultado de mortes –que aínda non foron debidamente investigadas e aclaradas– e centos de feridos e expulsados ilegalmente.

Contra o trato inhumano e degradante cara ós mesmos por parte de Marrocos, que provocou un número indeterminado de mortes e miles de deportados, que ou ben foron repatriados a países onde periga a súa vida e a súa integridade, ou ben foron abandonados no deserto, con escasas –cando non inexistentes– provisións de auga e comida, abocando a moitos deles a unha morte certa. Especialmente sangrante é o caso de feridos ou lesionados, mulleres embarazadas e nenos e nenas de curta idade.

A esixencia do cese inmediato das deportacións a Marrocos, que se depuren responsabilidades polas mortes e malos tratos e que se garante, por parte do Estado, o respecto ós dereitos das persoas (á vida, á súa integridade e dignidade, en primeiro plano) e do dereito de Asilo, en aplicación dos Tratados Internacionais e as Leis que os amparan.

O cese do tratamento do inmigrante como "inimigo" e, consecuentemente, a retirada do Exército e da Lexión do control dos pasos fronteirizos.

A obrigación do Estado español de garantir o respecto dos Dereitos Humanos, por parte de Marrocos, dos e das inmigrantes deportados, demandando o retorno dos peticionarios de Asilo e de quen foron expulsados ilegalmente.

Estes feitos, documentados e testemuñados por ONGs e medios de comunicación, con denuncias xa presentadas ante Tribunais estatais e internacionais (entre outras, CEAR demandou ó Estado español ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos), seguen sendo negados polos Gobernos de España e Marrocos, o que, no noso caso, como país democrático, supón unha burla intolerable á opinión pública e ó Estado de Dereito.

PIONEIRA CONTRA A DISCRIMINACIÓN RACIAL

Morreu Rosa Lee Parks (1913 - 2005), a «nai» do movemento polos dereitos civís en EE UU



Rosa Lee Parks, recoñecida como a «nai» do movemento dos dereitos civís en Estados Unidos, faleceu en Detroit aos 92 anos de idade.

Cando tiña 42 protagonizou un –desafiante– acto que veu ser o inicio das protestas masivas contra a discriminación racial no seu país. A mediados da década dos 50, cando as leis de segregación racial estaban en plena vixencia en EE UU, esta costureira de Montgomery, Alabama, negouse a




cederlle o seu asento no autobús a un home branco que llo esixira.

Esta acción valeulle a Rosa L. Parks unha pena de cárcere que foi contestada por un boicot de 381 días ao servizo de autobuses, organizado polo daquela descoñecido **Martin Luther King**. Esta iniciativa marcou o comezo do movemento polos dereitos civís, que culminou no ano 1964 coa lei que prohibiu a discriminación racial.



HOMENAXE A XOSÉ FONTENLA LEAL



PROXECCIÓN DOCUMENTAL: "O HIMNO GALEGO"
DURACIÓN: 52 minutos · IDIOMA: Galego · DIRECTOR: Carlos Oro · GUIÓN: Jesús Villamil · XÉNERO: Histórico · PRODUCTORA: La Región TV

Celebróuse o domingo día 20 de novembro ás 19 horas no Ateneo Ferrolán.
ORGANIZARON: CLUB CULTURAL VALLE-INCLÁN de LUGO e ATENEO FERROLÁN



COMUNICADO DE PRENSA DA FEDERACIÓN DE XOVES INVESTIGADORES – FJI / PRECARIOS
21 /NOVEMBRO/2005

eurodoc

A FEDERACIÓN DE XOVES INVESTIGADORES FJI-PRECARIOS INSTA Ó GOBERNO ESPAÑOL A ADOPTAR A CARTA EUROPEA DO INVESTIGADOR E O CÓDIGO DE CONDUTA PARA A CONTRATACIÓN DE INVESTIGADORES.

O Goberno Lituano adoptou a «Carta Europea do Investigador e o Código de Conduta para a Contratación de Investigadores» mediante a resolución 906 do 18 de agosto de 2005. É o primeiro país dos 25 que adopta as recomendacións europeas para a contratación de investigadores en todas as etapas. Entre estas recomendacións inclúese a contratación dos investigadores recén licenciados, que é a norma en varios países europeos. Isto suporía a fin das bolsas e do estatus de estudiantes dos investigadores predoutorais. O Goberno lituano regulará así, a partir do 1 de xaneiro de 2006, os dereitos, obrigacións, proceso de selección e condicións de traballo dos investigadores no sector público do país.

A Carta Europea do Investigador e o Código de Conduta para a Contratación de Investigadores foron aprobados pola Unión Europea en marzo de 2005 co obxectivo de garantir que todos os/as investigadores europeos gocen dos mesmos dereitos e deberes calquera que sexa o país dos 25 en que desenvolvan o seu traballo. Tanto o Código como a Carta loitan por combater a actual fragmentación existente entre as carreiras investigadoras nos distintos países da UE e por crear un mercado laboral dinámico e aberto para os investigadores, dentro e fóra das fronteiras europeas.

É sen dúbida un paso significativo o emprendido polo Goberno Lituano a favor do cumprimento da Carta Europea do Investigador con esta resolución, así como un bo precedente para gobernos como o español. Particularmente nestes momentos, cando está en trámites de aprobación un Estatuto do Persoal de Investigación en Formación que supón o tránsito a un modelo de dous anos de bolsa e dous de contrato.

FJI – PRECARIOS: www.precarios.org // **EURODOC:** www.eurodoc.net



ÉXITO DO TEATRO NO SEIXO

O pasado día 8 de decembro remataron na Sociedade Amigos da Paisaxe Galega de O SEIXO, as XVI Xornadas de Teatro en Galego, que como tódolos anos foi un éxito de público, xa que se alcanzou unha media de 155 espectadores, o que vén a demostrar que o Teatro na S.A.P.G., é un dos atractivos máis importantes da Vila mariñeira.

Non quixera estenderme en falar do Teatro na Sociedade, que como ben é sabido, foi fundada por Felipe Bello Piñeiro, aquel pintor case que esquecido, que tan ben soubo plasmar nos seus lenzos a paisaxe da nosa terra.

Pero, este home, non soamente pintou, senón que tratou de dar vida a unha Sociedade Cultural, na que en moitos momentos da súa historia tivo moitas relacións con outras Sociedades da Comarca, unha das facetas máis importantes de Bello Piñeiro, foi o Teatro, xa que naqueles anos da fundación da Sociedade, montou un Grupo de Teatro no que participaban moitos rapaces e rapazas da Vila de O Seixo, o que deu pé a mete-lo amor ó Teatro nos habitantes do lugar.

O Teatro en O Seixo é, sen dúbida, a actividade mais importante na S.A.P.G., e hai que dicir que hoxe grazas ó esforzo do seu Presidente, Manolo Rojo, home vinculado o Teatro, pois no Grupo de Teatro "TERUCA BOUZA", é actor, tremoia, chófer, etc., etc., e quen fixo que renacese o Grupo, que durante dous anos estaba medio adormecido.

Eu, dende a miña modesta perspectiva teatral, coido que nos queda unha cousa por facer, que é, resucitar o Grupo Infantil "CHELO LICETTI", pois os rapaces son o futuro do Teatro na S.A.P.G., e que non deben deixar morrer esta Arte de Talía, tan importante para ó saber facer e conducirse na vida diaria, pois subir a un escenario ensina a desenvolverse na andaina da vida e a perde-la vergoña de enfrontarse os problemas de entrevistas e "cara a cara" tan de moda no mundo actual.

Só quero, no meu nome, dar grazas a tódolos Grupos de Teatro que estiveron en O Seixo dende o día 3 ó 8 de Nadal e desexarlles moita sorte no seu traballo teatral, pois hai que pensar que a maioría son xentes que despois das súas horas de traballo cotián, dedican hora e media ou dúas horas a prepararse para facer pasar momentos divertidos ou tristes ós espectadores.

De corazón, graziñas a todos.

Manuel Basoa Vizoso




NICOLAS LEGARRETA BARREIRO

UN FERROLÁN, ARTISTA, AFINCADO EN VIGO
TENTAREMOS ACHEGAR a súa OBRA A FERROL ...







Exposición
«OLLADAS PICTORICO-POÉTICAS AO QUIXOTE»

Do 18 ao 30 de Novembro

Pintor: Enrique Pereira Pereira

Poetas: Rosa María Martínez, Xoán Neira, Emilio Insua, Vicente Míguez, Antón Iglesias

IV FIESTA
Santa Catalina de Montefaro

26 DE NOVIEMBRE DE 2005

Organiza: Asociación de Amigos del Monasterio de Santa Catalina de Montefaro.

Patrocina

Concello de Ares — Concello de Mugardos


Pola rexeneración da Esquerda • Número 19 · Ano X • Segundo Semestre · 2005 • Dep. Legal: 541/1995

a revista de Fuco Buxán

Razón Socialista

Fuco Buxán en Cerámica de Sargadelos

Homenaxe Galega a Santiago Carrillo



LEMBRANZAS DE...

RICARDO PENA

A XUBILACIÓN

Prexubileime en 1982, e partir de aí a miña muller e mais eu, percorrimos toda España co noso fillo. Huesca, Valencia, Sevilla, Granada e outras cidades máis do interior, a parte desa grande capital que é Madrid. E aquí, como é natural, visitei todos os Museos, salas de exposicións, que son moitas.Coñecía o cadro de *"Las Meninas"*, mais cando o vin no mesmo Museo do Prado, comprendín ó gran Salvador Dalí cando dixo: "Eu, en tempos de Velázquez sería un cero; pero como os pintores de agora son tan malos, eu son o mellor". (Tes moita razón, mestre).

Ó visitar a Alhambra de Granada, dinme conta das xustificadísimas lágrimas derramadas polo famoso Boabdil (ou Abu Abdala). Esta gran marabilla obriga a tomar asento e observar con calma a grandeza da arte dos nosos antepasados.

¡E Sevilla!. Di unha canción, que *"Sevilla tiene un color especial"*, e eu, coma pintor podo afirmar que isto é certísimo. E aínda diría máis; é un delicadísimo cadro impresionista.

Cando nos desprazamos a Madrid, atopámonos con esa inmensa chaira das terras castelás tinxidas de delicadas cores laranxa, amarelos de cadmio, pardos, ocres,... e coroadas alá no horizonte coa crista desas pequenas vilas, como son Arévalo, Almagro e outros máis. E ó atravesar estes campos apareceu ante a miña mente a lembranza daqueles paisanos nosos que-noutro tempo- se desprazaban ás famosas "segas" para traballar de sol a sol e regresar a casa, tal vez, cunha mísera cantidade de cartos. Rosalía tomou boa nota do que acontecía naqueles tempos, e da súa indudable sensibilidade arrincou estes tan coñecidos versos:

Castellanos de Castilla,
tratade ben ós galegos,
cando van, van como rosas,
cando veñen, veñen como negros.

E digo eu: ¿e de quen era a culpa? ¿non era dos caciques galegos ós que pertencía a mesma Rosalía?. Os caciques deixaban as súas terras en arrendo ós campesiños que logo de "traballar como negros" tiñan que pagar as rendas ó señor, que consistía nunha boa parte da colleita que recollían.

A primeira viaxe que fixemos co noso fillo, foi a Huesca; pasando 'por Zaragoza e Burgos. En ambos lugares tomei apuntes para facer dúas acuarelas. Todas as vilas de España teñen a súa particular historia, e ó pisar estas terras de Aragón lembreime de dous acontecementos moi tristes. Huesca e Teruel, foron totalmente arrasados pola aviación durante a tristemente lembrada guerra civil. E alí en Huesca, aínda queda algún vestixio deste acontecemento.

Aproveitando esta viaxe subimos ó impresionante Pirineo aragonés, do que gardo un óleo como lembranza. E dende esa altura baixamos a Jaca, por unha pista de varios quilómetros; e aquí sucedeu outro acontecemento: Dous capitáns do exército, Fermín Galán e García Hernández, ambos republicanos, foron fusilados neste lugar en plena monarquía de Alfonso XIII. E durante os anos da República estes dous personaxes foron venerados coma heroes.

E resumindo este percorrido por toda a península, acompañado da miña esposa Josefina e do meu fillo José, quedo convencido de que España é preciosa dende calquera lado que a mires. E esta afirmación miña dita en castelán, desexaría fose dita tamén en galego, catalán ou vasco; porque sabemos que todos estes idiomas son o resultado dun latín descomposto. E o máis importante: non é a forma de falar senón o entendernos e procurar unha convivencia unidos e en paz, evitando ter que volver ós tempos de Don Pelayo.

As autonomías son unha boa cousa, porque temos un goberno elixido por nós para dispoñer das competencias máis importantes; e ademais, non debemos esquecer que en todas as autonomías vive unha gran mestura de familias galegas, andaluzas, vascas, casteláns e catalanas. E até se di que Mugardos foi fundada por pescadores cataláns (os Deus, Cartelle, Martorell, Fontán, etc). Eu non vou velo, pero creo que, neste século XXI, os meus netos pertencerán ós Estados Unidos de Europa. Palabra de galego, que son galego e deixo un belisco desta querida terra representada nos meus cadros. ⌘



«...quedo convencido de que España é preciosa dende calquera lado que a mires. E esta afirmación miña dita en castelán, desexaría fose dita tamén en galego, catalán ou vasco».

MARTES DE CINE

O **Colectivo Opaíí!!** e o **Ateneo Ferrolán** continúan co seu ciclo de música e cine. A entrada é de balde, aínda que haberá a disposición dos asistentes material promocional de apoio ao colectivo: fanzine, camisolas, chapas...

As proxeccións terán lugar no Ateneo Ferrolán todos os Martes as 20:00 h.

Día **10** de **Xaneiro**:

TRAINSPOTTING
Director: Danny Boyle · **Ano:** 1996 · **Intérpretes:** Ewan McGregor, Kelly MacDonald · **Duración:** 90 min



Día **17** de **Xaneiro**:

CAFÉ IRLANDÉS
Director: Stephen Frears · **Intérpretes:** Colm Meaney, Tina Kellegher, Ruth McCabe · **Duración:** 90'



Día **24** de **Xaneiro**:

LIAM
Director: Stephen Frears · **Intérpretes:** Anne Reid, Claire Hackett, Ian Hart



Día **31** de **Xaneiro**:

AZUL
Director: Krzysztof Kieslowski · **Intérpretes:** Juliette Binoche, Benoit Regent · **Duración:** 94'



Día **7** de **Febreiro**:

MI NOMBRE ES JOE
Director: Ken Loach · **Intérpretes:** Louise Goodall, Peter Mullan · **Duración:** 105'



Día **14** de **Febreiro**:

LA CENA DE LOS IDIOTAS
Director: Francis Veber · **Intérpretes:** Jacques Villeret, Thierry Lhermitte · **Duración:** 76'



Día **21** de **Febreiro**:

EL FESTÍN DE BABETTE
Director: Gabriel Axel · **Intérpretes:** Stéphane Audran, Birgitte Federspiel · **Duración:** 103'



Día **7** de **Marzo**:

BAGDAD CAFÉ
Director: Percy Adlon · **Año:** 1987 · **Intérpretes:** Darron Flagg, G. Smokey Campbell · **Duración:** 108 min



Día **14** de **Marzo**:

EL MARIDO DE LA PELUQUERA
Director: Patrice Leconte · **Intérpretes:** Jean Rochefort, Anna Galiena · **Duración:** 80'



Día **21** de **Marzo**:

AMELIE (LE FABULEUX DESTIN D'AMÉLIE POULAIN)
Dirección: Jean-Pierre Jeunet · **Intérpretes:** Audrey Tautou, Mathieu Kassovitz · **Ano:** 2001 · **Duración:** 122'



Día **28** de **Marzo**:


GOOD BYE LENIN!
Director: Wolfgang Becker · **Intérpretes:** Daniel Brühl, Katrin Sass · **Duración:** 118'







CLUB DE LECTURA



Tódolos primeiros Martes de cada mes

10 de xaneiro, 7 de febreiro, 7 de marzo
ás
19,30 horas.

Encontros coa LECTURA,
baixo a coordinación de

ÁNXELES SEOANE

Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro.

Todos os **MÉRCORES**

TERTULIA ás 18 horas.

PROXECTO : CONTOS E AVENTURAS

Para NENOS e NENAS
de idades comprendidas entre os 4 e os 9 anos.

Os SÁBADOS
2 horas pola mañá.

Unha actividade lúdica, para nenos e nenas, que consiste nun obradoiro de contos, como alternativa no seu tempo de lecer, co fin de acercalos á maxia dos contos, ó gusto pola lectura, fomentando o uso da biblioteca.

O obradoiro consiste nunha explicación de contos, lendas, historias (populares, contemporáneas, inventadas...) con diferentes técnicas apoiadas por láminas, murais, bonecos ... e que ademais inclúe un traballo manual relacionado co argumento do conto que se explica.

Para máis información, pasade polas oficinas do Ateneo.

FONDOS PROPIOS VARIOS ARTISTAS:

Segura Torrella,
Carmen Chacón,
Manuel Patiña,
González Collado,
Jorge Llorca,
Garaizábal,
Morquecho,
Laxeiro,
Correa Corredoira,
Mª Manuela,
Carlos Villaamil,
Xan Xosé Braxe,
José Leyra Domínguez,
Tomás Barros, R
icardo Pena,
Luis Jaime ....
entre outros moitos.



"Gaiteiro", de González Collado

FEBREIRO:

MÉRCORES 8, XOVES 9, VENRES 10

"XORNADAS MOBING"

Todos os últimos **XOVES** de cada mes

AMICOR **ás 20 horas.**

II EXPOSICIÓN COLECTIVA DE OBRAS DE PEQUENO FORMATO

Até o 9 de Xaneiro



CONVOCATORIAS



CUESTIONARIO CINEMA:

1.- ¿Que valoración che merece o ciclo de cine "CENTO DEZ ANOS DE CINEMA"?

A-Boa **B**-Regular **C**-Mala

2.- ¿Podes citar tres cineastas españois ou máis dos que che gustaría ver os seus filmes?

....

3.- ¿Gustaríache daquela ver cine español?, se é así ¿dalgunha década en concreto?. Cítaa.

....

4.- Así mesmo, menciona tres cineastas norteamericanos ou máis dos que che gustaría ver os seus filmes.

....

5.- Relacionada coa anterior: ¿que décadas de cine norteamericano son as que marcan as túas preferencias?

....

6.- Finalmente, en canto ó cine norteamericano, ¿gustaríache ver cine independente deste país das súas últimas décadas?

....

7.- ¿Gustaríache ver cine latinoamericano?

Se a resposta é positiva podes dicir qué décadas che gustaría ver ou cáles son os directores en concreto dos que che gustaría ver os seus filmes.

....

8.- De facermos ciclos sobre directores, ¿cales son os que máis che interesarían?

....

9.- Finalmente, podes citar cal é o teu xénero favorito. Podes sinalar un ou máis:

- Comedia - Suspense/Intriga - Histórico - Bélico - Documental -Oeste.

Moitas grazas pola túa colaboración.



O CICLO DO NADAL
A FUXIDA DO TEMPO

por JUAN J. BURGOA

El tiempo corre como un río roto ...

Pablo Neruda

Dende a noite dos tempos, o home procurou a medida do tempo e a formación dun calendario regulado con datas cíclicas máis ou menos precisas. Ao principio valeuse da observación dos astros, utilizando o sol para o cálculo da duración dos días e servíndose dos ciclos lunares para determinar a extensión dos meses. Dun xeito máis científico, en tempos do emperador Xulio César creouse no mundo occidental o chamado calendario Xuliano ata que, no ano 1582, o Papa Gregorio XIII decretou a súa reforma e espallouna con prontitude por todo o mundo cristián, sendo hoxe, con persistentes disfuncións, o adoptado de xeito xeneralizado.

A Galicia rural nunca asumiu de modo pleno ningún calendario alleo –nin tan sequera o cristián– como marco das súas actividades e celebracións, sendo os traballos e tarefas domésticas e do agro (a sega, a sementeira, a vendima, a matanza), as tradicións e as crenzas populares, as que sempre marcaron o tempo e sinalaron os ritmos das estacións do ano. Mentres que a Igrexa, coa capacidade de adaptación e o milenario sincretismo que a caracteriza, santificou abondosas festas de orixe pagá; por outra banda aínda hoxe seguen sendo moi populares uns prácticos, e incluso divertidos e chisqueiros calendarios como *O mintireiro verdadeiro* e *O gaiteiro de Lugo*.

Dentro do calendario festivo galego, o Nadal, xunto co Entroido no inverno e os Maios e o San Xoán no verán, constitúen as festas de máis aceptación e as de maior participación popular. Na nosa Comunidade o ciclo de Nadal, en pleno cambio do solsticio, foi pródigo en celebracións, tanto cristiás como outras con residuos dos tempos máis antergos. Dende o punto de vista musical, as coplas e cantigas destas festas atópanse entre as máis ledas do cancioneiro popular galego. Mentres, séguense a manter nalgúns lugares da comarca os típicos cantos das panxoliñas, vilancicos, pastorelas ou cantos de berce –todas elas variantes das cancións de Nadal–, practicamente desapareceron outras composicións líricas do Aninovo e Reis, tales como os aninovos, manuelinos, reis e aguinaldos, coa conseguinte petición dunha esmola.

O sentido lúdico e bromista da Misa do Galo e dos Santos Inocentes –festas estas ben documentadas ao longo de toda Europa desde a Idade Media– a penas persiste. Algunhas tradicións destas datas, moi estendidas no seu día, como a colocación dun prato na mesa para os familiares mortos ou ausentes, o feito de non varreren as cociñas para evita-la expulsión das almas ao exterior do fogar ou manter aceso o Tizón de Nadal, un groso tronco ardendo toda a noite como protección ante os espíritos malignos o do que se aproveita a súa avogosa cinza, a penas se manteñen en algúns lugares do mundo rural.

Un dos lugares onde máis se pode notar actualmente a influencia das festas do Nadal quizais sexa na mesa. Debe recordarse que estas datas tiveron anteriormente unha abondosa e singular gastronomía de vixilia, con pratos como a coliflor con bacallao ou o ollomol asado, hoxe substituídos polo redivivo capón e o socialmente máis considerado marisco. Do mesmo xeito é tradicional en Nadal e Reis o consumo de variados doces e larpeiradas, sendo un caso especial o de Ferrol onde, como costume nacido a principios do século XIX, popularizouse –como sobremesa do día patronal de San Xiao– o arroz con leite, costume introducido na nosa cidade polo influente crego ilustrado Fernández Varela, Comisario Xeral de Cruzada.

No que se refire á tradicional instalación dos Nacementos que nestas datas se levaban a cabo nas igrexas, nas casas e incluso nos escaparates das tendas, hoxe vese esmorecida e substituída de xeito progresivo polo foráneo costume da Árbore de Nadal, aínda que traballos como o tradicional e artístico Belén instalado na sala de xuntas da Orde Terceira de San Francisco, obra atractiva e de gran vivacidade que vén a facer desde o ano 1946 o escultor Alfredo Martín, continúan a lembrar tan agarimoso costume.

Hoxe en día o mundo urbano, alienado e mediatizado pola globalización e cultura de masas, pola publicidade dunhas grandes superficies cheas de cousas que non precisamos e por un consumismo inmoderado, cambiou as pautas do seu comportamento social durante unhas festas de Nadal de deseño dirixido e de costumes obrigatorios, marcando hoxe realmente as datas do calendario o período das rebaixas. O tempo dirá e será testemuña de se o cambio experimentado é para mellor. Algúns consideramos que, pese ao pregoado espírito de solidariedade no Nadal, a soidade, a marxinación e a pobreza que algunhas persoas sofren fanse aínda máis patentes e ostensibles nestas datas.

«A Galicia rural nunca asumiu de modo pleno ningún calendario alleo –nin tan sequera o cristián– como marco das súas actividades e celebracións».



O CICLO DO NADAL
A FUXIDA DO TEMPO

por JUAN J. BURGOA

El tiempo corre como un río roto ...

Pablo Neruda

Dende a noite dos tempos, o home procurou a medida do tempo e a formación dun calendario regulado con datas cíclicas máis ou menos precisas. Ao principio valeuse da observación dos astros, utilizando o sol para o cálculo da duración dos días e servíndose dos ciclos lunares para determinar a extensión dos meses. Dun xeito máis científico, en tempos do emperador Xulio César creouse no mundo occidental o chamado calendario Xuliano ata que, no ano 1582, o Papa Gregorio XIII decretou a súa reforma e espallouna con prontitude por todo o mundo cristián, sendo hoxe, con persistentes disfuncións, o adoptado de xeito xeneralizado.

A Galicia rural nunca asumiu de modo pleno ningún calendario alleo –nin tan sequera o cristián– como marco das súas actividades e celebracións, sendo os traballos e tarefas domésticas e do agro (a sega, a sementeira, a vendima, a matanza), as tradicións e as crenzas populares, as que sempre marcaron o tempo e sinalaron os ritmos das estacións do ano. Mentres que a Igrexa, coa capacidade de adaptación e o milenario sincretismo que a caracteriza, santificou abondosas festas de orixe pagá; por outra banda aínda hoxe seguen sendo moi populares uns prácticos, e incluso divertidos e chisqueiros calendarios como *O mintireiro verdadeiro* e *O gaiteiro de Lugo*.

Dentro do calendario festivo galego, o Nadal, xunto co Entroido no inverno e os Maios e o San Xoán no verán, constitúen as festas de máis aceptación e as de maior participación popular. Na nosa Comunidade o ciclo de Nadal, en pleno cambio do solsticio, foi pródigo en celebracións, tanto cristiás como outras con residuos dos tempos máis antergos. Dende o punto de vista musical, as coplas e cantigas destas festas atópanse entre as máis ledas do cancioneiro popular galego. Mentres, séguense a manter nalgúns lugares da comarca os típicos cantos das panxoliñas, vilancicos, pastorelas ou cantos de berce –todas elas variantes das cancións de Nadal–, practicamente desapareceron outras composicións líricas do Aninovo e Reis, tales como os aninovos, manuelinos, reis e aguinaldos, coa conseguinte petición dunha esmola.

O sentido lúdico e bromista da Misa do Galo e dos Santos Inocentes –festas estas ben documentadas ao longo de toda Europa desde a Idade Media– a penas persiste. Algunhas tradicións destas datas, moi estendidas no seu día, como a colocación dun prato na mesa para os familiares mortos ou ausentes, o feito de non varreren as cociñas para evita-la expulsión das almas ao exterior do fogar ou manter aceso o Tizón de Nadal, un groso tronco ardendo toda a noite como protección ante os espíritos malignos o do que se aproveita a súa avogosa cinza, a penas se manteñen en algúns lugares do mundo rural.

Un dos lugares onde máis se pode notar actualmente a influencia das festas do Nadal quizais sexa na mesa. Debe recordarse que estas datas tiveron anteriormente unha abondosa e singular gastronomía de vixilia, con pratos como a coliflor con bacallao ou o ollomol asado, hoxe substituídos polo redivivo capón e o socialmente máis considerado marisco. Do mesmo xeito é tradicional en Nadal e Reis o consumo de variados doces e larpeiradas, sendo un caso especial o de Ferrol onde, como costume nacido a principios do século XIX, popularizouse –como sobremesa do día patronal de San Xiao– o arroz con leite, costume introducido na nosa cidade polo influente crego ilustrado Fernández Varela, Comisario Xeral de Cruzada.

No que se refire á tradicional instalación dos Nacementos que nestas datas se levaban a cabo nas igrexas, nas casas e incluso nos escaparates das tendas, hoxe vese esmorecida e substituída de xeito progresivo polo foráneo costume da Árbore de Nadal, aínda que traballos como o tradicional e artístico Belén instalado na sala de xuntas da Orde Terceira de San Francisco, obra atractiva e de gran vivacidade que vén a facer desde o ano 1946 o escultor Alfredo Martín, continúan a lembrar tan agarimoso costume.

Hoxe en día o mundo urbano, alienado e mediatizado pola globalización e cultura de masas, pola publicidade dunhas grandes superficies cheas de cousas que non precisamos e por un consumismo inmoderado, cambiou as pautas do seu comportamento social durante unhas festas de Nadal de deseño dirixido e de costumes obrigatorios, marcando hoxe realmente as datas do calendario o período das rebaixas. O tempo dirá e será testemuña de se o cambio experimentado é para mellor. Algúns consideramos que, pese ao pregoado espírito de solidariedade no Nadal, a soidade, a marxinación e a pobreza que algunhas persoas sofren fanse aínda máis patentes e obstensibles nestas datas.

«A Galicia rural nunca asumiu de modo pleno ningún calendario alleo –nin tan sequera o cristián– como marco das súas actividades e celebracións».



A refundación da capela de San Miguel de Xuvia por Pedro de Mourelle Esquío de Mandiá no ano 1588

por FERNANDO DOPICO BLANCO

«Yten mando (...) que mis carnes pecadoras sean sepultadas en la capilla del señor San Miguel sita e yncorporada en el monasterio de San Martiño de Jubia, entre el monasterio y la capilla de cura[1], segun la dicha capilla de San Miguel me perteneçe por aver sido fundada por mis antepasados e deç[ed]ientes de Mandiáo[2] y Hesquios».

* Cláusula do testamento[3] de **Pedro de Mourelle Esquío de Mandiá**, ano **1588**

SIGLAS E ABREVIATURAS EMPREGADAS NESTE TRABALLO:

ACNAC: Arquivo do Ilustre Colexio Notarial de A Coruña.

APCM: Arquivo do Pazo do Monte, Ferrol.

ARG: Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña.

C.: Caixa.

Nº.: Número.

PROT.: Protocolo.

RA: Real Audiencia.

1. A capela *que Gonçalvo Esqío fezo eno dito moestewro a qal he de San Migell* (c.a. ¿1400? – 1910)

Arredor do ano 1400 o fidalgo Gonzalo Esquío fundaba unha capela baixo a advocación de San Miguel Arcanxo ó abeiro do mosteiro de Xuvia. A primeira datación aproximativa para esta edificación a sitúa –acertadamente- o estudioso ferrolán Leandro de Saralegui e Medina[4] entre finais do século XIV e comenzos do XV. Bastante tempo despois o crego e cronista naronés Arturo Souto Vizoso[5], sen aportar ningunha proba documental ou epigráfica, datouna no ano 1340 e houbo quen o seguiron ledamente sen reparar en que non ofrecía aval histórico para esta proposta[6]. Pola contra, calquera que revisase a documentación publicada[7] do mosteiro de Xuvia correspondente ós séculos XIV e XV habería de caer na conta de que Gonzalo Esquío, ben en cita ben como actuante, aparece sempre na segunda metade do século XIV e comenzos do XV. A maiores, a primeira referencia explícita á capela de San Miguel data do ano 1421, se ben alí mesmo fálase dun preito que se trataba xa polo 1416. Semella que o pasamento deste persoeiro non debeu de acontecer moito tempo antes deste último ano e, polo tanto, cabe encadrar o seu óbito entre finais do século XIV e a primeira quincena do XV. Todo o cal lévanos a refutar e a manifestar como insostible a hipótese do ano 1340 formulada por Souto Vizoso e a razoar que a fundación[8] de Gonzalo Esquío debeu ter lugar a cabalo do século XV, no que coincidimos *ex aequo* co postulado de Saralegui.



1. Fotografía antiga da igrexa de San Martiño de Xuvia

Os sucesores do potentado[10] Gonzalo Esquío continuaron no padroado da capela, que estivo a ser titorada e vixiada dende un primeiro momento polos monxes xuvienses. Avanzado o século XVI atopámonos como os Esquío non a mantiñan conforme á súa obriga como patróns, xa que a capela *estaba abierta y desecha, llena de estércol y de zarzas donde se acoxian vacas y lechones que la ynsuçiaban, y de tal manera que habia muchos años que en ella no se deçia misa por estar indecente para ello*[11], ata que o crego Pedro de Mourelle tomou cartas no asunto como veremos.



2. San Nicolás de Neda: Brasón[9] no frontal do sartego de Diego Esquío (... c.a. 1430)

Entre os anos 1754-55 o ilustrado frei Martín Sarmiento realizou unha viaxe por Galicia da que deixou constancia escrita[12] e onde refire:


> "La Iglesia de Jubia tiene tres naves; en la derecha ay dos sepulcros[13] de dos Cavalleros del apellido Esqio. En la izquierda ay una Capilla de San Miguel, en donde ay otros dos sepulcros también de los Esqíos, pues las armas de los 4 son unas mismas, vg. dos Lobos[14] subiendo a un Pino: y la aspa de San Andrés[15] en otro escudo[16]. Acaso tendrian sangre de Andrade. Hoy posee la Capilla la familia Galdo[17] en Neda, porque la dotó en 109 Misas".




No ano 1910 aconteceu a demolición da pequena capela de San Miguel para gañar terreo na proxectada ampliación do cemiterio parroquial de Xuvia. Con este derrocamento, que acordaron o entón párroco e veciños, púxose fin a unha construción con cincocentos anos de antigüidade …

O senlleiro Saralegui e Medina chegou a tempo para coñecer a capela de San Miguel, á cal adicou varios parrágrafos nun traballo que asinou no ano 1898. Alí recolle algunhas apreciacións históricas e artísticas sobre a capela e, o que é máis importante, concorda a descrición e medición da planta do edificio. Velaquí o texto de Saralegui:

"Finalmente, al costado opuesto del templo, contiguo al mismo y en su propia dirección de Occidente a Oriente, se alza la capilla de S. Miguel *que Gonzalo Esquio hizo y fundó cerca del Monasterio* –circunstancia de que no aparece haberse hecho mención en ningún otro documento de que tengamos noticia, con anterioridad al compromiso otorgado en 22 de Abril de 1421 entre el Prior D. Fernán López y Pedro de Caranzóa (...)– de pobre y humilde aspecto, sin adorno ni ornamentación exterior alguna, y cuyo único arco de entrada, que pertenece al estilo ojival cercano a su tercer período, revela claramente su origen de fines del siglo XIV ó principios del XV (...). El interior de este modesto templo –que es de una sola nave abovedada, de 5 m. 20 de largo y 4 m. 50 de ancho–, contiene dos sencillas sepulturas contiguas, en sus correspondientes arcos ojivos, abiertos en el muro del lado del Evangelio; la primera sin efigie, labores, ni inscripción alguna aparente, y la segunda con este epitafio: AQI IAZ GONÇALUO? ESCIO[18] ... y el mismo blasón que la de S. Nicolás de Neda antes citada[19] (...). Delante de los restos de su único altar, en el suelo, una lápida sepulcral de



3. San Martiño de Xuvia: Arcosolio e xacente de Rodrigo Esquío (c.a. 1440-1450)



4. Capela de San Miguel de Xuvia: Debuxo[21] da lápida de Gonzalo Esquío (... c.a. ¿1400?)

las dimensiones ordinarias, sencillamente labrada, indica el lugar donde reposan las cenizas de Pedro Mourelle de Mandiá (...). En el centro de la confusa y medio borrada inscripción que rodea la lápida, se percibe clara y distintamente el mismo escudo heráldico que se conserva sobre el dintel de la puerta de la casa rectoral; partido verticalmente de una espada desnuda, cuya empuñadura sobresale de la línea superior del jefe (...)[20]".

Dos datos colixidos primeiro por Sarmiento e despois por Saralegui, deducimos que os enterramentos notorios en Xuvia a mediados do século XVIII eran cinco, tres na capela de San Miguel e dous na igrexa de San Martiño. Os da capela de San Miguel correspóndense cos de Gonzalo Esquío e Pedro de Mourelle, ambos con inscrición e simboloxía heráldica, máis unha terceira lápida núa sen epígrafe nin distintivos. A igrexa de San Martiño custodiaba dous xacentes, un deles con seguridade o de Rodrigo Esquío. Sen embargo tamén debemos sinalar que tanto María Xosé López como Manuel García Lamas en respectivos traballos[22] estiman que na capela de San Miguel existían catro sepulturas e chegan a supoñer ata sete enterramentos en total para o conxunto da capela e igrexa. Se ben, nós coidamos que se trata dunha confusión *ad valorem* dos referidos historiadores na interpretación do texto dun dos libros[23] do mosteiro de Xuvia conservados no ARG. Resta por indagar se quedaban restos dalgúnha lápida ou sartego na antiga e pequena igrexa de Santa María das Neves de Xuvia[24].

Cando Saralegui publica o debuxo da lápida de Pedro de Mourelle, lé e transcribe o 1593 como ano da morte deste persoeiro. Pero resulta que este pasamento aconteceu[26] arredor do 10/10/1592. Probablemente, a lectura de Saralegui é defectuosa por mor do mal estado no que se atopaba a peza. Por outra parte, vese de xeito claro que a inscrición, tal e como a interpreta e debuxa, está en parte falta de texto polo deterioro da pedra. Saralegui lé: AQI IAZE PEDRO DE MORELLE ESQUIO Đ MANDIÁ [ ] ESTA CAPILLA. ANO 1593. Con toda a admiración, respecto e débeda ó entusiasta investigador ferrolán, propoñemos unha rectificación da lectu-



5. Capela de San Miguel de Xuvia: Debuxo[25] da lápida de Pedro de Mourelle Esquío de Mandiá (... a. 1592)

«Dos datos colixidos primeiro por Sarmiento e despois por Saralegui, deducimos que os enterramentos notorios en Xuvia a mediados do século XVIII eran cinco, tres na capela de San Miguel e dous na igrexa de San Martiño».



6. San Martiño de Xuvia: Fragmento dunha lápida sepulcral[27]

ra e a reconstrución *ad sensum* do epígrafe desta lápida, así como a modificación da data: AQ¯I IAZE PEDRO DE MO¯RELLE ESQ¯IO Đ MANDIÃ [PATRON DE] ESTA CAPILLA. AÑO 1592.

Tamén debemos reparar en que este debuxo presenta unha espada orientada *de xefe a punta* tralos bordes do escudo. Esta espada levou a máis dun heraldista e historiador a falar do "cabaleiro" ou "escudeiro" Pedro de Mourelle, cando resulta que o único significado comprensible e lóxico desta espada é o de obstentar a fidalguía do seu titular que, irónicamente, era crego e non home de armas ...

2. Querela na Real Audiencia: O preito 2134/76 do ARG

Ano de 1610. Entre finais do mes de febreiro e comezos de marzo despáchase na Real Audiencia de Galicia un preito[28] entre o bacharel e crego Alonso Ares de Mourelle e Mandiá, patrón da capela de San Miguel e herdeiro do tamén crego Pedro de Mourelle de Mandiá, contra o prior do mosteiro de Subía, frei Facundo de Ibarra e o monxe, frei Plácido de Quiñones. Rexistramos de seguido a estructura e contidos xerais deste ruidoso preito que revela unha variopinta e interesante información, ata o de agora inédita, e que dilucida diversos aspectos sobre a capela, a súa refundación por Pedro de Mourelle Esquío de Mandiá e as súas vicisitudes:

1- A Coruña, 27/02/1610. Demanda presentada ante a Real Audiencia polo procurador Xoán Varela en nome do bacharel Alonso Ares de Mourelle e Mandiá, crego veciño do couto de Xuvia, contra frei Facundo de Ibarra, prior do mosteiro de Xuvia, e frei Plácido de Quiñones, monxe do mosteiro, por canto había pouco os ditos inculpados formaran un gran escándalo e impediran enterrar na capela de San Miguel a Xoán Vázquez das Figueiras, pai do bacharel Alonso Ares, alegando que nin o citado bacharel nin os seus devanceiros tiñan dereitos sobre a capela. Así mesmo denuncia ós ditos- prior e monxe- porque mandaran picar e pintar en segredo e alevosamente un letreiro e armas nas sepulturas da capela para que fosen ilexibles e irrecoñecibles.




7. San Martiño de Xuvia: Armas[30] dos Esquío e Mandiá (finais s. XVI)

2- Xuvia, 04/03/1610. Resposta do monxe frei Plácido de Quiñones recusando a anterior denuncia e sostendo que a capela pertencía ó mosteiro e fundárase había máis de trescentos anos. Do mesmo xeito negaba que o crego Pedro de Mourelle e o bacharel Alonso Ares de Mourelle descenderan dos fidalgos Esquío así como o padroado destes sobre a capela por canto, *dicho Pedro de Mourelle y sus ermanos son labradores humildes y de baxo hestado y los Hesquíos gente ylustre y noble y cavalleros y ansí no podía deçender dellos y, caso negado que deçendiera dellos, la dicha capilla es del monasterio y ansí no tienen título ninguno para pedirla.*

3- Información e declaración de testemuñas presentadas polo bacharel Alonso Ares de Mourelle. Esta información efectúase no couto de Santa Icía de Trasancos entre os días 4-5/03/1610 perante Andrés Yáñez, *alcalde en el dicho coto por el capitán Pedro Yánes de Mandiá*[29]. Das trece testemuñas que comparecen cabe fixarse principalmente nas deposicións do bacharel e crego Xoán de Mandiá, do canteiro Xoán Freire e do soldado Alonso Esquío.

4- Escritura de concerto e igualada outorgada *junto a la iglesia del señor San Niculás de Neda* o día 08/02/1593 entre frei Prudencio de Sandoval, predicador do mosteiro de Lourenzá e prior de Xuvia, e Alonso Ares de Mourelle e Mandiá, veciño de Neda e un dos herdeiros de Pedro de Mourelle. Pola cal escritura frei Prudencio recoñecía que *por hevitar pleitos y discordias que dellos se podían susçeder, heran conbenidos e ygualados que el dicho padre prior en nombre del dicho monesterio y conbento confesaba y / confesó la dicha capilla aver sido fundada y hedificada por los dichos Hesquíos, según lo avía leído y allado en las escrituras antiguas del dicho monesterio, y pertenesçer al dicho Pedro de Mourelle y sus hermanos por la tal desçendençia.* Pola súa banda, Alonso Ares de Mourelle e os seus herdeiros comprometíanse a pagar ó mosteiro de Lourenzá *veinte y siete ducados en reales de moneda corriente, que cada real hazen treinta y quatro maravedís, pagos en dos pagas (...), puestos y pagos en el dicho monesterio de San Martín de Jubia* a cambio de dúas misas semanais dentro da capela que haberían de dicir o prior ou monxes de Xuvia *para todo tiempo de siempre jamás*, e outras cos seus responsos sobre a sepultura de Pedro de Mourelle nos días de San Miguel de maio, San Miguel de setembro e San Martiño.

5- 25/10/1592. Petición de apertura do testamento de Pedro de Mourelle de Mandiá solicitada polo seu irmán Alonso Ares de Mourelle por canto, *puede aver quinze días poco más o menos tiempo que Pedro de Mourelle, clérigo e rector de San Julián de Narón, hes muerto e pasado desta presente vida, el qual en su vida e antes con muchos días que se muriese hizo y otorgó su testamento çerrado delante Juan Fernándes da Torre, escribano.*



6- Pontedeume e Narón, 29-30/10/1592. Autos de apertura do testamento de Pedro de Mourelle de Mandiá.

7- Traslado do testamento pechado de Pedro de Mourelle de Mandiá, patrón da capela de San Miguel de Xuvia, *clérigo e rector de las yglesias y venefiçio de San Julián de Narón y Santa María de Sequeiro con San Bartolomé de Lourido su anexo*.

8- Narón, 26/02/1588. Outorgamento e formalización do testamento perante Xoán Fernández da Torre, escribán e notario público da vila de Neda.



8. O Portal, Fene: Pedra armeira[31] cos brasóns dos Andrade, Esquío, ¿...? e Mandiá (s. XVI)

3. Filiación de Pedro de Mourelle Esquío de Mandiá († 1592)

Na primeira metade do século XVI viven Gómez de Mourelle e o seu irmán Alonso Ares de Mourelle I, crego que mantén unha destacable presenza[32] e actividade[33] nesta época. O citado Gómez de Mourelle tivo por fillos a:

1- Fernando Ares de Mourelle, alcalde do couto de Xuvia[34] polo ano 1574, que tivo por filla a:

1.1- María Ares de Mourelle de Mandiá que casou con Xoán Vázquez das Figueiras († a. 1610), escribán público do couto de Xuvia. Fillo deste matrimonio foi:

1.1.1- Alonso Ares de Mourelle e Mandiá III, bacharel e crego veciño de Xuvia, herdeiro da capela de San Miguel e protagonista do preito cos monxes de Xuvia en 1610.

2- Pedro de Mourelle Esquío de Mandiá († a. 1592), crego de Narón, Sequeiro e Lourido, patrón e novo fundador da capela de San Miguel polo seu testamento outorgado o 26/02/1588.

3- Alonso Ares de Mourelle e Mandiá II († a. 1606), escribán veciño de Neda, casou con María Oanes de Parga[35]. Nos anos 1607-1608 María Oanes, xa viúva, preiteaba[36] co mosteiro de Xuvia que lle esixía o cumprimento das misas impostas polo crego Pedro de Mourelle por canto o seu marido fora un dos seus herdeiros. María Oanes defendese alegando que esta débeda lle correspondía ó seu sobriño, o bacharel Alonso Ares de Mourelle como patrón *in solidum* da capela. Este Alonso Ares II e María Oanes tiveron cinco fillos, que foron:

3.1- Ana Ares de Parga, que casou co licenciado Francisco de León e foron tamén veciños de Neda.

3.2- Pedro de Mourelle, veciño de Caamouco.

3.3- Alonso Ares de Andrade, crego de prima tonsura e veciño de Neda polo ano 1607.

3.4- María Ares de Andrade, que casou con Francisco Fernández de Cornide e Aguiar.

3.5- Isabel de Andrade.

4- Xoán Rodríguez de Mourelle.

5- Gómez Ares de Mourelle.

O longo do século XVII o apelido Mourelle Esquío de Mandiá dilúese no dos Arias de Andrade e Arias de Galdo. Os dereitos da capela pasan ós Arias de Galdo establecidos en Neda. Case un século despois deste preito, o 12/09/1700, outorga testamento[37] o licenciado D. Alonso Arias de Andrade († a. 1702), crego reitor de San Xiao de Ferrol, quen manda enterrarse na capela de San Miguel *que fundaron mis azendientes y anteçesores, en una de las sepulturas que tiene, con el beneplázito de su patrón mi sobrino Don Miguel Arias de Galdo y Quiroga*. Outro sobriño de seu era o tamén licenciado D. Andrés Fariña Ares de Montenegro. Por certo que o licenciado Arias de Andrade fundou tamén unha capela baixo a advocación de San Ildefonso, *santo de mi nombre*, nun dos colaterais da igrexa de San Xiao de Narón.


Herdeiro do arriba citado, D. Miguel Arias de Galdo, foi D. Francisco Arias de Galdo, a quen sucede o presbítero e veciño de Santa María de Neda D. Pedro Francisco Ares de Galdo, o cal polo ano 1795 víase outra vez envolto nunha querela de forza contra o mosteiro de Xuvia[38] pola capela de San Miguel, e a quen os monxes lle chegan a negar a súa fidalguía ó igual que ó seu pai. Teimas que, polo que levamos visto, eran recurrentes e periodicamente intermitentes nos monxes de Xuvia ...



9. San Martiño de Xuvia: Talla policromada de San Miguel Arcanxo procedente da capela de San Miguel (fin. s. XVI)



10. San Martiño de Xuvia: Talla policromada dunha Virxe ¿procedente da antiga igrexa de Santa María de Xuvia?



NOTAS

[1] Santa María das Neves, polo entón parroquial de Xuvia.

[2] Sic: Mandiá. Nesa época as formas léxicas *Mandiáo* e *Mandián* son xa arcaísmos gráficos.

[3] ARG: RA, Preitos, 2134/76.

[4] SARALEGUI Y MEDINA, Leandro de. **San Martín de Jubia: apuntes históricos**; Imprenta *El Correo Gallego*, Ferrol, 1899.

[5] SOUTO VIZOSO, Arturo. **Sinopsis monográfica del monasterio benedictino de San Martín de Jubia o del Couto**; Pontedeume, 1981.

[6] Con todo o respecto á memoria de Souto Vizoso, coidamos que os seus traballos e artigos débense someter a unha revisión en "coarentena", xa que neles desliza a miúdo numerosas propostas cronolóxicas, históricas, artísticas, heráldicas e xenealóxicas que resultan insostibles por non estar documentadas, amén de interpretacións sesgadas ou descontextualizadas.

[7] Rexesta documental en MONTERO DÍAZ, Santiago. **La Colección Diplomática de San Martín de Jubia**; Impr. El Eco Franciscano, Santiago de Compostela, 1935. Edición documental en PENA GRAÑA, Andrés. **Narón, un concello con historia de seu** (vol. II, Idade Media); Narón, 1992.

[8] Que saibamos, non se ten constancia do testamento deste persoeiro que, con toda probabilidade, recollería a fundación da capela.

[9] Nesta fotografía retocamos os perfiles e contornos para unha mellor visualización. Descrición heráldica: Unha árbore arrincada con dous esquíos (*Sciurus vulgaris*) arrimados ó tronco e enfrontados en acción de subir.

[10] Que este Gonzalo Esquío, veciño de Ferrol, poseía un abondoso patrimonio a nivel local queda probado a través da documentación arriba aducida.

[11] ARG: RA, Preitos, 2134/76.

[12] SARMIENTO, fr. Martín. **Viaje a Galicia**; Cuadernos de Estudios Gallegos (CSIC), anejo III, Santiago de Compostela, 1950.

[13] Na actualidade só se conserva o de Rodrigo Esquío (c.a. 1440-1450), de moderna reconstrución no ano 1963 e descontextualizado no que toca á súa situación e pezas que conforman o moimento.

[14] O P. Sarmiento confundiu os esquíos con lobos, figuras máis comúns na heráldica. Neste mesmo erro con máis imprecisións caeu o historiador ferrolán Montero Aróstegui nas súas referencias a Xuvia.

[15] Neste caso a dubidosa descrición heráldica de frei M. Sarmiento é obvia por canto coida ver unha aspa de San Andrés onde hai tres bastos cruzados, faltándolle na súa descrición o can pasante baixo deles e a torre no flanco sinistro, armas da lápida de Pedro de Mourelle.

[16] Cómpre reparar polo miúdo nestes comentarios do P. Sarmiento, xa que cadran perfectamente co que sabemos dos enterramentos de Xuvia por outras fontes. Primeiramente, a ausencia no século XVIII de elementos visibles procedentes de enterramentos anteriores ós séculos XIV-XV. En segundo lugar, a testemuña do brasón dos Esquío en catro ocasións, tres en solitario e unha en composición con outras armas que coinciden descritivamente coa lápida de Pedro de Mourelle Esquío de Mandiá.

[17] Ver aquí o apartado 3.

[18] En función das inscricións dos xacentes de Neda e Subía, consideramos que unha lectura máis axeitada para este epitafio sería: AQ^{-I} IAZ GONÇALUO ESQ^{-}IO; en lugar da lectura ESCIO que propón Saralegui. Moi posiblemente a erosión da lápida impediulle a interpretación da letra Q.

[19] Refírese ó brasón e moimento de Diego Esquío. Ver aquí a fig. 2 e tamén a nota 9.

[20] SARALEGUI Y MEDINA, Leandro de. **San Martín de Jubia...**; ob. cit.

[21] Publicado por SARALEGUI Y MEDINA, Leandro de. **"Un trovador ferrolano de la segunda mitad del siglo XIII"**; en *Almanaque de Ferrol para ... 1907*, Ferrol, 1906. Lamentablemente non recolleu no seu debuxo o brasón que tiña esta lápida, que el mesmo describira someiramente anos antes.

[22] LÓPEZ PÉREZ, María José. **A igrexa románica de San Martiño de Xuvia**; *Cuadernos Ateneo Ferrolán* nº. 6 (ano 8), Ferrol, 1989. GARCÍA LAMAS, Manuel Antonio. **"La heráldica funeraria de la familia Esquío"**; en *Revista de Neda* nº. 2, Neda, 1999. Cómpre salientar que este último autor xa incidira con anterioridade neste tema.

[23] ARG: Clero, c. 441, Libro 270 de Xuvia.

[24] Esta pequena igrexa ou capela de obradoiro medieval tamén estaba sita ó rente da igrexa do mosteiro. Anteriormente ó ano 1635 era a parroquial de Xuvia xa que San Martiño era só titular do mosteiro. Con posterioridade a esta data pasou a ser San Martiño titular da parroquia e quedou "*extinguida*" a das Neves, que xa se atopaba moi deteriorada. Máis datos en COLMENERO, fr. Felipe. **Jubia. Discurso Inédito**; Impr. El Correo Gallego, Ferrol, 1903 (manuscrito orixinal no ARG).

[25] Publicado por SARALEGUI Y MEDINA, Leandro de. **"Un trovador ferrolano ..."**; ob. cit.

[26] ARG: RA, Preitos, 2134/76.

[27] Esta peza descubriuse fai poucos anos.

[28] ARG: RA, Preitos, 2134/76.

[29] O capitán Pedro Yáñez de Mandiá (... a. 1629) era señor xurisdiccional dos coutos de Xuvia, Caranza e Santa Icía de Trasancos pola Casa de Mandiá.

[30] Nesta fotografía retocamos os perfís e contornos para unha mellor visualización. Cómpre facer a observación de que a ubicación actual desta pedra no paramento do mausoleo de Rodrigo Esquío está descontextualizada. Coidamos que a súa situación orixinal era nun dos muros exteriores da capela de San Miguel, segundo se testemuña a súa existencia no preito que tratamos, e que logo pasou a formar parte dun pretencioso conxunto timbrado de coroa real na chamada casa reitoral para acabar, froito da moderna e dubidosa reconstrución tumular do ano 1963, onde agora a coñecemos.

[31] Publicada por DOPICO BLANCO, Fernando. **Mandas testamentarias de D. Xoán Yáñez de Leiro e Doza**; Caixa Galicia – Aula de Cultura, Ferrol, 1996. Con posterioridade a esta publicación derrubaron a casa na que se atopaba esta pedra, hoxe desaparecida ou en paradeiro ignoto.

[32] CAL PARDO, Enrique. **El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos**; Deput. Prov. de A Coruña, 1984.

[33] Alonso Ares de Mourelle I mercou c.a. 1550 unhas imaxes relixiosas *a unos yngleses que benían de Inglaterra* e *portaran en el puerto dela villa de Ferrol*, as cales estiveron durante cinco anos destinadas ó culto en Xuvia antes de que as doáse á catedral de Mondoñedo. Documentados datos sobre este asunto en LENCE-SANTAR Y GUITIÁN, Eduardo. **"Nuestra Señora La Grande o La Inglesa de la Catedral de Mondoñedo"**; en *Cuadernos de Estudios Gallegos* nº. XVII, IPSEG, Santiago de Compostela, 1951.

[34] APCM: C. Xuvia, 33/11.

[35] Tamén usaba o apelido Oanes de Serantes.

[36] ARG: RA, Preitos, 14891/70 e 14887/2.

[37] ACNAC: Prot. 271/28/1702/Cobas Mosquera, Ignacio. Ferrol.

[38] ARG: Clero, c. 441, Libro 270 de Xuvia.



ARTIGO

Ó ABEIRO DA CURIOSIDADE MÉDICA (1)

"AGNUS CASTUS" E CASTIDADE MASCULINA

Por CARLOS PIÑEIRO DÍAZ, médico

As herbas medicinais son as precursoras de moitas drogas comúns prescritas na práctica médica nos países de Occidente de hoxe en día e –ó abeiro da curiosidade– móstrase a pequena historia dunha planta chamada *agnus castus* con máis de 2.000 anos de antigüidade nos escritos médicos, tan vella como a subsistencia da castidade nos terreos da relixiosidade.


A árbore casta, *Vitex agnus castus*, o pementeiro silvestre ou herba da castidade, foi durante longo tempo a protagonista da historia da sexualidade e da vida cotiá, polas súas propiedades medicinais, anafrodisíacas e como inhibidora do desexo sexual, converténdose na actualidade nun recurso con evidencias científicas para a infertilidade e disfuncións hormonais femininas, tal como o avaliaban os escritos antigos, atribuíndolle poderes especiais das funcións femininas ligadas á reprodución, á lactación e restablecemento da normalidade nas funcións reproductivas masculinas.

O arbusto, orixinario de Asia, é nativo de Grecia e Roma, foi ben coñecido na antigüidade e incluído como planta oficial en moitas coleccións terapéuticas, sendo mencionado por Hipócrates, Dioscórides , Teofrasto e Paracelsus.

Os gregos antigos asociábano á "Thesmophoria", culto anual dedicado a Demeter, a deusa grega da agricultura, onde se atopaban a fertilidade humana e a agricultura coma actividades reproductivas interdependentes. A abstinencia temporal das cousas materiais como o sexo, coa axuda da *agnus castus*, era fundamental para a renovación das mesmas. As matronas gregas preservaban a súa castidade na Thesmophoria espallando as follas nas súas camas.

A primeira referencia á planta como *Vitex*, atópase nos escritos de Plinio o Vello, no século I a.C. "As árbores conteñen medicinas que facilitan os ouriños e a menstruación..., animando o leite rico abundante", escribiu Plinio. A primeira indicación medicinal refirea Hipócrates, no século IV a.C., como " remedio feminino, para hidropsia, inxurias, inflamación e inchazón do bazo, fígado, doenzas da pel, ollos e feridas; as súas follas en viño eran indicadas para hemorraxias e eliminación da placenta".

O nome da planta deriva da crenza da capacidade de supresión do desexo sexual , e as esposas romanas que tiñan os seus maridos loitando nas lexións, espallaban as follas nas súas camas con ese propósito. En Roma as virxes Vestais levaban ramiñas da árbore coma símbolo de castidade.



Cinto de castidade

A árbore da castidade era coñecida polos persas, no século IX, sendo indicada para curar a insanidade, a tolemia e a epilepsia. Figuraba a descrición da planta no *Formulario Médico de Al.-Kindi* a finais deste século e no *Formulario Médico de Al.-Samarquandi* arredor do 1200. Os froitos eran vendidos nos bazares exipcios como "calmante para histeria".


A partir do Renacemento, coa aparición da imprenta aparece citada nas farmacopeas europeas, sendo nomeada a planta no *Herbario Bankes* en Inglaterra (1525) onde atribúe a propiedade "os homes e mulleres de permanecer castos" *De Plantis Epítome* de Mattioli no 1586, incluída como medicina oficial en Europa na *Pharmacopoeia Londinensis* do 1618, no *New English dispensatory*, de 1713, no 1753 Linneo describiu a planta *Vitex agnuscastus* no *Species Plantorum*, en 1777, no *Dispensatorium Pharmaceuticum Brunsvivence*..

No 1789, Andrew Duncan na edición do *Edynburgh Dispensatory*, fala da asociación antiga da árbore coa castidade, usando os froitos como anafrodisíacos, sendo moi utilizado polos monxes co fin de aliviar o apetito venéreo " pero a experiencia non avaliaba que tivese tales virtudes".

O seu uso popular foi moi recoñecido en todo tipo de doenzas. En España, a obra do Dioscórides vai chegar da man de Andrés Laguna, médico, filósofo e humanista segoviano que vai estudar a Salamanca e a París. A primeira edición de *Pedazio Dioscórides Anazarbeo, acerca de la ma-*



Eremitorio medieval





teria medicinal y de los venenos mortíferos... vaise imprimir en Amberes no 1555. O capítulo 114 do libro ocúpase do *agno* ou no nome castelán coñecido como "sauzgatillo". Das súas propiedades escribiu:

> "*...Tiene el agno virtud caliente y estíptica. Su simiente, bebida, es útil a los mordidos de fieras empozoñadas, a los enfermos del bazo y a los hidrópicos. Bebida della una drama con vino, atrae la leche a las tetas, provoca el menstruo,* ***deseca la esperma****, tienta el celebro y da gana de dormir... ...Bebida con poleo, su simiente, y aplicada o puesta en perfume, provoca la purgación menstrua. Administrada en forma de emplastro, sana el dolor de cabeza. Mezclada con aceite y vinagre, se derrama cómodamente sobre la cabeza de los letárgicos y frenéticos... ...Encorporadas con manteca y hojas de vid, ablandan los compañones endurecidos. La simiente, aplicada con agua, mitiga las resquebrajaduras del sieso; y si se añaden las hojas, sanan les desencasaduras de huesos y las heridas frescas...*"

O celibato do clero e a emerxencia de remedios para a castidade.

Entre as declaracións máis temperás da Igrexa Cristiá no tema de continencia sexual e do celibato están o "Decreta" e " Cum in unum" do Papa Siricius (c.385) reclamando que a abstinencia sexual dos clérigos fose unha práctica apostólica que debería ser seguida polos ministros da igrexa. Dous canons nos poden axudar á situación do clero naquela época, o canon 33 do Concilio de Elvira (300-306) onde se prohíbe o matrimonio a bispos, sacerdotes e diáconos e a todos os clérigos, e o canon 3 do Concilio de Cartago (390) onde se solicita a continencia perfecta para acadar a santidade, iniciándose a busca de remedios para salvar a castidade, incluíndo artefactos que impediran a masturbación ou a posibilidade de intercambio sexual.

Os apóstolos ensinarían que –a continencia e a castidade– trátanse dun estado superior da vida (*Pablo, Corintios7:7-8; Lucas,18:28-30; Mateo 19:10-12,27:30; Marcos 10:20-21)* . polo cal o celibato pasa a ser unha disciplina na igrexa católica.

Entre os séculos IV e VI, increméntase a difusión dunha literatura de incentivo á castidade masculina, fundamentalmente composta por relatos da vida monástica feitos por homes que a tiñan practicado anteriormente, como Cassiano, que se retirou ó deserto entre 385 e 389.

A igrexa católica, na Europa, colocaba ramos da planta *agnus castus* nas roupas dos monxes novicios, para, suprimir o desexo sexual e tamén foi utilizada para estes obxectivos nunha especie de cocción dos froitos, coñecido coma pementeiro dos monxes.

San Gregorio VII impuxo no sínodo da Coresma do ano 1074 o antigo costume do celibato dos clérigos, declarando inválidos todos os actos levados a cabo por sacerdotes casados, manténdose durante séculos a constante diverxencia sobre a castidade, así como a sátira popular sobre ditas actitudes solicitadas para a poboación.

Foi Cazin, botánico francés, no 1880, o que menciona o *Vitex* nos seus escritos para arrefriar paixóns e menciona tamén un famoso xarope, como un " infalible remedio para manter a castidade e reprimir os ardores de Venus", feito das sementes por unha sacerdotisa. O remedio era distribuído nos conventos para inhibir paixóns , mais Cazin tiña dúbidas ó respecto e consideraba que a planta tiña un efecto moi estimulante.

Movementos actuais de castidade.

O presidente Bush no Discurso sobre o Estado da Nación de Estados Unidos do ano 2004, chamou a duplicar o financiamento para programas de promoción de educación exclusiva sobre a abstinencia sexual dos mozos. O ano pasado o goberno Bush destinou 120 millóns de dólares ás organizacións que traballan pola abstinencia.

D. Pattyn, pastor evanxelista, fundador da organización "Silver Ring Thing" (Movemento do Anel de Prata) recibiu máis dun millón de dólares de apoio dos fondos federais para a súa causa e xa está predicando en Inglaterra sobre as excelencias da castidade e a promoción da virxindade prematrimonial e a abstinencia sexual para previr a SIDA e os embarazos non desexados. Os aneis oficiais, sinal da castidade, levan inscritos versículos da Biblia , *I Tesalónicos 4:3-4* que din: " Deus quere que ti sexas santa/santo, polo que non debes acercarte o pecado sexual. Entón, cada un de vós controlará o seu corpo e a vida en santidade e honra".

Seguro que se incrementarán as medidas para manter a abstinencia de fai séculos como o uso do *agnus castus* e reaparecerán artefactos da antigüidade como o cinto de castidade masculina.

«O ano pasado o goberno Bush destinou 120 millóns de dólares ás organizacións que traballan pola abstinencia».

Ó abeiro da curiosidade.

A rica tradición de uso da planta descrita, contribuíu a que a investigación moderna apoiase a sabedoría histórica e fixo fructificar coma unha esperanza na fitoterapia médica. Hoxe en día o *Vitex agnus castus* representa unha realidade fitoterapeútica utilizando o extracto do froito no síndrome premenstrual baseado en evidencias científicas e na menopausa e incluso se está demostrando a actividade antitumoral da casticina (esteroide da planta) e publicado no "Cáncer Letters" do mes de maio do 2004.

Por moito que escudriñemos ó abeiro da curiosidade, non atoparemos, con sorte, o cinto mental do pobo para frear a liberdade de opinión e a sátira sobre a castidade.



ARTIGO

FERROL MEDIEVAL III

O CONDADO DE TRASTÁMARA: UN MODELO DE ORGANIZACIÓN TERRITORIAL CÉLTICO DA EUROPA ATLÁNTICA.

Por ANDRÉS JOSÉ PENA GRAÑA

Iº PARTE: AS *TERRAS* OU BISBARRAS CELTAS. CONCEPTOS BÁSICOS E ANTECEDENTES

INTRODUCIÓN.

O Seminario de Estudos Galegos alcanzou un notable nivel nos estudos institucionais e Célticos da man de Don Florentino LÓPEZ CUEVILLAS e Rui DA SERPA PINTO, os cales publicaran nos anos 30 nos *Cadernos do Seminario de Estudos Galegos* un importante artigo sobre o que con acerto denominaban "Las tribus del Noroeste" demostrando a súa pervivencia na Idade Media e a súa localización. Os conceptos básicos e antecedentes que visitaremos a continuación, parcialmente xa tratados dende outras ópticas noutros capítulos, son coñecementos xerais máis que necesarios para comprender a orixe prerromana do ordenamento xurisdicional da Galicia Medieval e para movernos logo cos condes polo Condado de Trastámara, con certas nocións e soltura polo proceloso, difícil, apaixonante e documentadísimo mar do noso Trasancos Medieval.


Aqueles pioneros mostráronnos sorprendidos como a organización interna da *Gallaecia* prerromana foi capaz de resistir a romanización e a xermanización e de chegar até a Idade Media coa súa base territorial indemne. A base territorial constitutiva do que logo se chamou o Condado de Trastámara, que merece, antes de entrar en materia, uns, necesariamente densos, capítulos introductorios.

Os grandes estudos institucionais desapareceron do país (e algúns estudosos con eles) trala Guerra Civil. Desaparecen substituídos por outros ben distintos coa perspectiva posta na integración do país na romanidade (na España Romana) acordes cos ventos imperiais e unificadores do novo réxime e non se retomarían até o ano 1990 en que emprendimos este longo camiño.

Neste contexto, Don Carlos Alonso del Real, estimado e sabio mestre noso, entón ideólogo do réxime franquista, con mordaz inxenio varreu totalmente os estudos célticos da Universidade de Santiago e, unha das máis avanzadas de Europa, a outrora prometedora investigación nos campos da protohistoria galega, convertiuse no dislate hoxe herdado da "Cultura Castrexa" indefinida institucionalmente e particularizada, o que é máis grave, en base a un tipo de hábitat que nin é distintivo do Noroeste dentro da Península Ibérica nin constitúe un momento de singularidade (noso) con respecto a amplos espazos xeográficos da Europa Atlántica insular e continental.

Hoxe cando as cousas cambiaron no globalizado tráfico mercantil, desvaecéndose incluso na súa esencia os conceptos de estados e de nacións, resulta perigoso buscar as auténticas raíces, ou sospeitoso. Hai que ter moito coidado na Europa de hoxe e de calquera –evitando percibila como *res nostra*– cando usamos palabras "pobo" –e non digamos, cando usamos as outrora inocentes voces, "autóctono", "antepasados", "comarca", "país"–, hai que ter coidado para que, aqueles que –por certo nos ven como provincianos seus– non nos amolen, motexándoos ora de *rojos*, ora de *fachas*, ou nos linchen un pouco por *bucaneros* ou por 'nazionalistas', como lle pasou ó autor destes papeis a propósito do fatal epígrafe votivo co nome histórico da nosa comarca, que, xulgando *Trasanci* ¿acaso prematuramente? un probable antropónimo: "o nome do fundador epónimo da nosa bisbarra, do nobre que daría probablemente orixe ao etnónimo ou *trebónimo* de Ferrol e a súa comarca, tiven a fortuna de atopar e o inconvinte de editar por primeira vez. Dixen eu que Trasancos, acaso un antropónimo, "daría orixe ao nome do territorio político autónomo celta galego, *treba/toudo* ou tribo, e a *terra* ou *territorium* medieval homónimo, comprensivo dos actuais concellos de Ferrol, Narón, Valdoviño, Neda e San Sadurniño". *Sic fatur*. "Como enseguida veremos" –corríxenme, lendo a súa vez ***Rebe Trasanciange*** " para Rebe de Trasancos"– a autoridade de Francisco VILLAR e o seu científico *paredros* Blanca María PRÓSPER dicindo eles que "ó proceder ó estudio lingüístico, a interpretación do texto que levou a conclusións de tan marcado énfasis nacionalista foi algo precipitada *PalHisp* 3 271-272 (2003)". Pois pola nosa parte relemos no polisémico epígrafe do disco, con máis calma, agora, tamén asesorados polo doutor Néstor ALONSO RILO, "Rebe Trasanci Aug<ust>e", psb. "Os Trasancos para *Reba*

«Hoxe, no globalizado tráfico mercantil, desvaecéndose incluso na súa esencia os conceptos de estados e de nacións, resulta perigoso buscar as auténticas raíces».





Agusta", sen que *Rebe* –acaso epíteto dunha psicopompa Diana celta co seu *rebeco*– teña que ser "un deus" pola mera simpleza de aparecer en dativo o epíteto *Rebe* da *deidade femenina* habitualmente complementada por un topónimo masculino, como non poderiamos, ó menos impunemente considerar masculina ou machorruda Nosa Señora, a Virxe *de Chamorro* ou *do Nordés*, ou de Chanteiro, etc., quen nin aínda complementada dun epíteto masculino, como cando lle decimos 'Saude *dos enfermos*' ou 'espello' de moitas cousas, perdería un escrúpulo da súa Inmaculada Concepción. *Conceptio per aurem*, e como di o castizo, *si dizen, que dizan que yo me estoy riyendo*.

CELTA. CONCEPTO GALEGO DE SOBERANÍA E SEÑORÍO.

Aquela protohistoria galega que artellaba o país en unidades territoriais políticas prerromas borrouse da memoria do noso pobo.

Con todo, a Europa Atlántica –ó igual que sucedía en Galicia– configurábase na Idade de Ferro nunha serie de arcaicos territorios procedentes da Idade do Bronce que funcionaban como "reinos" ó fronte de reis ou príncipes.

Vimos como estes "territorios" adoptan en toda Europa indistintamente dos aliases ou nomes: **tewta*- "pobo" e *treb*- "casa"[1], o primeiro orixina unha suceśión de denominacións *túath, toudo, touto, teuta*, etc. cuxo sentido institucional de pobo ou de territorio político non se diferencia dos segundos, derivados da coñecidísima e estudadísima palabra *treba*, "casa" e, os seus derivados *tref, trifu, tribu*, etc., emanados estes da doméstica raíz *treb* (al. *dorf*, esc. *Thorp*) con connotacións (DOTTIN, SCHMIDT, TOVAR, MAC KILLOP, etc.) coñecida en todo o ámbito indoeuropeo non só dun edificio, dunha casa, senón tamén de territorio político e de "soberanía doméstica", ó igual que decimos a Casa Real, a Casa de Alba, a Casa de Andrade, referíndonos ó espazo precisado por estas casas nobles para exercer a súa xurisdición. O mesmo sucede cos prefixos e compostos formado coa palabra *treba, at/tributi, can/tref, con/trebia, con/tributi*. Neste teor aludindo ó territorio político dunha comunidade habitualmente articulado de maneira institucional consideraremos a **tewta* "pobo" e a *treb*, "casa", como denominacións indistintamente compartidas.

«Aquela protohistoria galega que artellaba o país en unidades territoriais políticas prerromas borrouse da memoria do noso pobo».

Vimos tamén como ambos térmos *toudo* e *treba* se usaron indistintamente na Gallaecia, *Toudo-Palandaigae* "Pobo do altar de pedra" *Trebo-Pala* "Altar de pedra da Tribu"; *Treba-runa ¿?; Arro-Trebas* "os da Terra ou de 'territorio político autónomo celta' de Arrós, na Idade Media o arquiprestazgo de Arrós, significando a unha comunidade e o seu territorio. Unha comunidade composta por moitos castros. E vimos como ó fronte destes "territorios políticos" de mediana extensión, antepasados en grande medida de boa parte das comarcas galegas históricas de hoxe, atopábanse uns *príncipes* (*Nicer Clutosi principis Albionum* "Nicer Clutosi do príncipe dos Albiones", etc.) ou xefes de tropas (*coronos) que equivalían en Galicia a verdadeiros reis como sucedía tamén na área indoeuropea da Península Ibérica e nas Illas Británicas e que se manterían sen grandes cambios até a Idade Media.

Nunha ocasión (A. PENA GRAÑA, A Orixe dos Coutos, das Xurisdicións, dos Escudos e das Bandeiras Municipais Galegas. Narón Vexiloloxía e Heráldica. 1° edición Xullo de 2002, Concello de Narón, p. 25 ss.) poidemos sinalar como a heráldica e a vexiloloxía hispana estivera xa plenamente desenvolta durante a Idade de Ferro.

Manténdose Galicia ó marxe de calquera irrupción e masivo desprazamento de pobos que puideran ter suplido á poboación e ás institucións vernáculas, é posible que boa parte do sistema heráldico e vexilolóxico[2] prerromano do país chegase fosilizado até a Idade Media e a Idade Moderna. Mostraremos agora a través do sostén de arcaicos usos e de antigas tradicións derivadas do exercicio da xurisdición como foi posible a continuidade e pervivencia –canto menos até a Idade Media– e en boa medida durante a Idade Moderna, do aparato distintivo das aristocracias celtas prerromanas do Noroeste hispánico.

Este aparato, que formaba parte dun complexo armazón xurisdicional que revelaremos ampliamente, subsistiría a través do tempo e con el moitos usos, costumes e modas[3], ecos de sociedades procedentes da antigüidade, presentes na Galicia da Idade de Ferro testemuñadas pola etnografía contemporánea, recentemente desaparecidos ou aínda hoxe marxinalmente vixentes no Atlántico Insular.


Esta é a nosa tese obxecto da presente exposición centrada sobre unha *treba* galega, a *Terra* ou Territorium de Trasancos[4] na que centraremos o obxecto da nosa autopsia (visión)[5] nos séculos centrais da Idade Media.

Sen dúbida integrado na área cultural dos Ártabros, como recentemente o confirmou un achado epigráfico procedente de Santa Comba (Covas, Ferrol), o *Territorium* de Trasancos, posuíu unha entidade política propia como sucedía cos veciños *territoria* de Labacengos, de Arrós, de Bezoucos, etc. constituíndo con




anterioridade á conquista romana unha *treba* un pequeno 'estado celta', 'principado celta' ou 'territorio político autónomo celta", xeneralizado e típico na Europa Atlántica da Idade de Ferro e tras esta unha *civitas/populus*.

Sabemos xa que unha *treba, civitas/populus*, comarca ou territorio político non é un castro, correspóndese cun espazo territorial e político de tamaño medio que comprende un conxunto usualmente superior ó medio centenar de castros. *Nuestra treba*, a *Terra de Trasancos*, nos primeiros séculos da dominación romana englobaba 56 castros catalogados dos que 12 se emprazaban no espazo que hoxe constitúe o Concello de Narón.



Fibula, seguramente, galaica de la Casa de Braganza, probablemente con escena de lucha del dios solar celta. Museo Británico.



Reconstrucción con colores convencionales del motivo decorativo una camisa y saia de un guerrero galaico. A. PENA

En este ambiente caballeresco se encuadraría la áurea fíbula de largo travesaño del Museo Británico representando a un bellísimo guerrero *scutato* empuñando su espada y tocado con casco con dos pequeños cuernos 'montefortino' celta, presentando como motivo decorativo central una serie de armónicos y dinámicos *chevrons* o "dientes de lobo". Las llamativas ondulaciones desarrollan un complejo entramado rítmico y expresivo, resaltado por el –hoy perdido– esmalte, con los 'motivos textiles' que lucen –es importante no olvidar que la mencionada fíbula pertenecía históricamente a la casa real de Braganza– las estatuas heroicas de los guerreros Galaicos, que vemos reiterarse en el áureo forro de cinturón (llamado diadema) de guerrero galaico de Elviña, utilizando con magistral disposición en el aspecto narrativo-visual y pese a su aparente barroquismo una mínima cantidad de elementos, todo ello rematado con prótomos de cabezas de perros o de lobos. La disposición asociativa de los animales y de la figura humana que la conectan también con la tradición peninsular meseteña y mediterránea de las llamadas 'fíbulas de caballito' ibéricas y celtibéricas.

Esta fíbula que con las subvenciones de la Heritage Lottery Fund y la National Art Collection Fund fue adquirida por la exorbitante cantidad de 1.121.906 libras esterlinas el 25 de abril de 2002 por el Museo Británico, contemporánea de los entronizatorios 'bronces votivos del Noroeste', habría sido seguramente a un elevado coste, en el siglo III a. C. previsiblemente realizada por un excepcional orfebre griego para un rico y exigente príncipe o *noble* hispano galaico-lusitano.

Conviranos non esquecer que constituían sen dúbida a máxima xerarquía da comarca no pasado pagán da Idade de Ferro unha dupra función soberana composta por un alto sacerdote, *ovate, de alto rango e un *princeps* ou nobre, en torno ós que se apiñaban, procedentes do seu entorno familiar e doméstico os seus nobles dependentes: o *corio [*korio/herr*. POK. *I. E. W.* 615] integrado polos homes de armas que detentaban a xurisdición das aldeas fortificadas (castros, *vici, pagi aut castella*) que reunidas formaban a *treba, civitas* o 'Principado Celta' da *Terra* de Trasancos.


A organización da vida do castro xiraba ó redor do dominio exercido polo señor (*dominus*) sobre as posesións (*dominium*) e as *xentes* (*domestici, familiares*), traducido nunha relación de clientela na que o señor cedía terras e gando, protexía e defendía á súa xente a cambio de rendas, de servizos e de prestacións persoais ou axuda militar de infantería e de cabaleiría. E este sistema dominical, non desapareceu, senón que perviviu e se mantivo fosilizado, entre outras cousas, a través dos foros ou contratos que regulamentaban as rendas e prestacións dos colonos no Reino da Galicia medieval.


Nun deses máis de 56 *castella* dos *trasancos*, poboados fortificados e ben defendidos[6] que hoxe chamamos castros, residirían en torno ó seu xefe, **corono* ou *princeps* 'príncipe' formando so seu séquito [*ambacti, satellites*] os señores da aristocracia militar integrada polos parentes e pola xente de armas destacada do *corio ou corpo de tropas (de A. HOLDER, cf. PENA 1991:115). Este é tamén o sistema institucional celtoatlántico que perviviu en Galicia sen solución de continuidade dando orixe ó *aula comitis* –comarcal base do Condado de Trastámara–, de *Terra* ou *de Territorium* da nosa Idade Media.

CLIENTELAR ESTRUCTURA, DOMÉSTICA SOBERANÍA

Por último, introducíndonos no tráfico xurisdicional, sinalamos, empregando o esquema irlandés, nunha ocasión como na categoría do que chamamos persoas inmunes, non pecheras ou exentas, figuraban xunto ó alto clero, o Rei de Reis ou Emperador o, Ár Rí, ó que seguía o equivalente a un comes galego da Idade Media, un Rei de Trebas, Comarcas ou Territorios Políticos, Ri Ruirech; o Príncipe da Treba ou Terra o *rí-Túath* e os cabaleiros terratenentes (*flaithi*) posuidores en Galicia de múltiples *uillae, castella aut pagii*, de múltiples xurisdicións en réxime de copropiedade *pro-indivisa* –linaxudos os uns, menos linaxudos outros e aínda advenedizos, ó existir un "*grad flatha*" [7] que discriminaba en categorías unha variopinta clientela (*cénel*), e ó propio clero atendendo ó valor das súas congruas e beneficios, unha complicada multitude de oficios, deixaba paso ós seguintes graos inferiores dos propietarios posuidores ou tedores de gando (*bó aire*) –fundamento no Atlántico do estatus legal (*Crith Gablach*, 11 a 24[8]). Tras eles os *am-bue* (·*am* = "sin" **bowyos* = "bueyes") e os mozos solteiros e aínda

«A organización da vida do castro xiraba ó redor do dominio exercido polo señor (*dominus*) sobre as posesións (*dominium*) e as *xentes* (*domestici, familiares*),».





non integrados na propiedade, herdada á morte dos seus parentes, dedicábanse á caza e á aventura guerreira e predatoria, baixo a titela dos parentes e dos nobres que os tomaran en adopción.

Dentro da estructura clientelar desta soberanía doméstica, vincúlanse verticalmente cun "rei de reis", cun *ard-rí*, de modo similar a unha colmea nas mans dun apicultor, tanto o *túath* ou territorio político como a función soberana do propio *rí-Tuath*. Neste contexto, debemos encadrar en *Hispania* e, sinaladamente no NW peninsular, na antiga Gallaecia, os *hospitia* ínter territoriais de tradición peninsular, probablemente anoados nunha asemblea estacional, ora entre dous ou máis *trebas*, ora entre as *trebas* e particulares nobres, ora entre as trebas e o Imperio, ora entre as trebas e o *regnum;* como os acordos pactados entre a *treba* e diócese de *Iria* co *Regnum Suevorum* ou *inter magnates* como os asinados entre os poderosos señores de *comissa* ou de *territoria:* os *comites se imperantes*, coa chamada "Monarquía Astur". Esta institución non foi de uso exclusivo da *Gallaecia*, como o demostran as belas e pequenas pezas de bronce que tan plasticamente mostran cunha aperta de mans o aspecto vasalático, similar ó noso, do *hospitium* representado no repertorio de *tesserae hospitalis* celtibéricas, encaixando perfectamente cun amplo contexto territorial e cultural atlántico de dependencias verticais.

Mediante este tipo de vínculos un Territorio Político autónomo celta, ou un particular, supeditábase, sinxelamente, a outro Territorio Político máis forte ou a un poderoso particular. Os *in fidem acceptos* por un *princeps* ou polo seu Territorio Político se convertían en dependentes da Treba receptora, sendo ó noso xuízo como dixemos posiblemente este e non outro o sentido da voz celtibérica *con/trebia* e o da voz latina *con/tributi*. A cambio de certas contraprestacións non necesariamente moi gravosas, engadindo por suposto estas á axuda militar e ó pagamento anual dun censo, recibíanse de novo as terras previamente doadas acompañadas agora da garantía da seguridade e da protección.


NOBREZA XURISDICIONAL CELTOGALAICA.

Encadrados os *castella* "castros" ou *domi* "as *casas*" no que chamamos *dominium* "soberanía domestica", dun *dominus*, "señor" *tanaiste* "cabeza de familia" que cohesiona ós seus habitantes ou *xentes* en grupos familiares e en verdadeiros clans [9] verticalmente vinculados co *princeps* do Territorio Político, lonxe dos simplismos e *simplistificaciones* marxistas, como sucede en todo o mundo céltico, mediante unha relación clientelar, ora por parentesco directo ou lonxano, ora por dependencia vasalática, o "clan celta" non se diferencia en absoluto da forma na que se debería articular a *gens* meseteña[10].


As *gentes* concibidas non como un compacto homoxéneo, senón institucionalmente como os heteroxéneos graos da sociedade laica, do *Grád Túaithe* celtoatlántico, definindo unha complexa realidade institucional chea de desigualdades, constitúen o conxunto da poboación, os moradores poboadores de distinta condición que viven baixo unha común xurisdición, usos e costumes, conectando ó NW coa extensa área das chamadas mistericamente *gentes* e *gentilitates* "xentilidades". Comprendendo posiblemente a toda a poboación dende o mar Cantábrico ó río Taxo, a *gens*, "xente" celta, e posiblemente celtibérica, no entramado das relacións de dependencia esta formada en cada un dos territorios políticos da Hispania Celta e Celtibérica polo conxunto da poboación *gassaliana*[11] –a *gentilitas* dunha *treba*– baixo a xurisdición de cada *princeps*.

CASTRO/*DOMO*

En varias publicacións[12] tivemos ocasión de ocuparnos da articulación institucional dn *castellum*, "castro", e de ver como o castro ou a domus "casa" constituíndo o eixo ou núcleo dun territorio demarcado e xurisdicional, ocasionalmente con 1,5 km de radio, era usualmente moi inferior en superficie ás actuais parroquias galegas. É precisamente o reducido deste espazo económico o que obriga a que o sistema permaneza estable, sempre co mesmo número de xente, non sendo posible rebasar un determinado límite demográfico. A poboación sobrante ten que emigrar a un novo castro e a un novo espazo económico e xurisdicional.


Dibuxos de Eva Merlán e Andrés Pena

Casa castrexa "da cerveza" con banco corrido típica institución celtoatlántica e "Casa do baño" ou sauna que precede ao banquete celta



Constituíndo no Noroeste hispano, na Gallaecia, a *domus* "casa" dun *dominus* "señor", o castro ou fortín, estendía a súa soberanía, dominio ou xurisdición non unicamente ó económico territorio con prados, pastos, terras cultas e incultas, *chousas*, montes, augas correntes, *fragas* e *soutos*, acotado por *termini* "marcos" xeralmente de pedra como o moitas veces citado epígrafe cruciforme, que aparece na orela dun río en Vilar de Perdices (Montealegre, Portugal): "*TER[MINUS] RIPAU PUAC* ", acaso sinalando a orela ou *ripau* "ribera" pertencente ós Puac(enses?), e a estendía tamén ó interior do fortificado recinto castrexo, ben defendido por foxos e por terrapléns.



O castro, a única forma colectiva de hábitat coñecida na *Treba* pola arqueoloxía cando chegaron os romanos, que ademais das "casas de habitacións separadas" e as instalacións intramuros, comprendía tamén ós *domestici* habitantes ou poboadores de diversa condición, instalados algúns deles quizás *extra* muros en modestas granxas illadas, e ó gando maior e menor.

NOTAS

[1] Palabra quizabes cunha posible orixe nas alongadas casas comunais *trapezoidales* con teitume sostida por tres *trabes* da prehistoria Europea.

[2] "[...] a orixe do *vexillum* vai ser abordado quizá por primeira vez no contexto dunha historia total dunha comarca a Terra de Trasancos na que centramos o obxecto da nosa autopsia (visión)" (PENA 2002:25)

[3] Como o poderían ilustrar os tecidos de cadros, o chamado 'tartan' escocés que portaban os chamados "guerreiros castrexos" esquecidos no Noroeste hispánico trala conquista romana e a adopción da toga polas elites ou *nobiles* da antiga *Gallaecia*.

[4] Como se viu nos dous congresos sobre Los Celtas en la Europa Atlántica celebrados en Ferrol nos que participamos activamente desde a secretaría de organización, o primeiro deles dedicado a Galicia (actas publicadas en 1998) e o II Congreso Internacional sobre Cultura Celta, acreditado coa asistencia de prestixiosos profesores europeos os días 20, 21 e 22 de novembro de 1998, dedicado ó Atlántico baixo o epígrafe "Os celtas da Europa Atlántica" –As Actas do II Congreso Internacional, aínda (ano 2002) non foron publicadas polo Concello de Ferrol–, complementados co Congreso Internacional Les Celtes et la Péninsule Ibérique celebrado en Brest o 6, 7 e 8 de novembro de 1997 (Actas publicadas pola Université de Bretagne Occidentale, Brest, 1999), a fidalguía e a nobreza atlántica de orixe celta está estreitamente ligada ó exercicio dunha xurisdición sobre un espazo, ó señorío. Dentro das novas liñas interpretativas desenvolvidas no Concello de Narón (A Coruña) no primeiro e segundo volume da súa historia, aceptadas hoxe pola máis crítica comunidade científica, estudaremos a orixe celta, o carácter e a perduración desta xurisdición.

[5] Catro anos antes de que se publicase o libro editado por Ian GIBSON e Bettina ARNOLD baixo o epígrafe de *Celtic Chiefdom, Celtic State, New Tendencys in Archaeology* (Cambridge University Press) onde Patrice BRUN publicaba resultados semellantes para As Galias, quizabes por primeira vez mostrabamos xa na primeira publicación, parcial adianto desta tese, intitulada Narón Un Concello con Historia de Seu (1° volume publicado no ano 1991), contradicindo vellas teses vixentes ata entón na Península Ibérica, como no contexto da articulación política e territorial de celta estirpe do Noroeste da Península Ibérica; esta comarca natural tiña sido durante a Idade do Ferro un verdadeiro "principado celta" ou "estado celta" (PENA 1991:115-54), evidentemente non un estado moderno, cuxa natureza desvelamos.

[6] Ademais do concepto de 'aldea fortificada' análogo ó de *castellum* que sería o espazo defensivo e de habitación, o castro dispón dun espazo ou territorio económico ben demarcado, formado polas terras de labor, pastos, montes e augas, base do seu sistema productivo para a subsistencia.

[7] Ex *Crith Gablach* 23; CIH 1593.6 e 1595.25.


[8] "11. *mormain mrugrechto*: (the great substance of land-law)/12. *mrogad coichich*. (marking out fresh boundaries./13. *cor cualne*, (planting of stakes)/14. *corus rinde*, (the law as to points of stakes) /15. *ranh eter comorbu*, (partition among coheirs,)/16. *comaithig do garmaim* (summoning of nighbours,)/ 17. *gaill comlainn*,(stone pillars of contest)/18. *caithigthi astado*.(fighters who fasten title.)/18. *anagraitto rig*,(from a king;)/20 *rig comairge*; (the extent of protection;)/21. *corus co sesser* (right of the fine up to the sixth man)/ 22. *setaib seilb* (in movables and land). In *Crith Gablach* (c. 7th C. a. D. An Early Legal Poem, translated by D. A. BINCHY in enquiries@shee-eire.com.

[9] Andrés PENA GRAÑA, obra citada. Volume I, pp. 116-119.-

[10] Andrés PENA GRAÑA, obra citada. Volume II, pp. 116-18

[11] Vasala do céltico *gwas* "joven", "servidor", latinizado como *vasallus*, mentras francos do Leste xermanos usan *gasindus* e aínda *welf* de onde derivarían os *guelfi*, baixa nobreza alemana partidaria do papa.

[12] Andrés PENA GRAÑA, obras citadas, 1991; 1992; 1.993; un resume en 1995, pp. 167-172.



SOBRE CAPACIDADES E (DIS)CAPACIDADES

Por ISABEL LODEIRO VALES.

Tiveron lugar na Coruña as primeiras xornadas sobre "A atención á diversidade.Universidade e (dis)capacidade", entre os días 7 e 10 de novembro, ámbolos dous incluídos.

Durante estas catro xornadas houbo conferencias, mesas redondas, e vídeo forums para debater da cuestión da (dis)capacidade, coma por exemplo dende diversas asociacións que traballan con xente con algunha (dis)capacidade coma os xordo-mudos, persoas coa mobilidade reducida...

Mais, o que eu quero salientar é que se lle deu ou se nos deu a oportunidade de participar nunha mesa redonda a persoas con diferentes (dis)capacidades e que estamos a estudar todos eles na Universidade da Coruña, así, alí estabamos: Rubén Golpe Rodríguez, Iago Pérez Santalla, Manuel Escourido Calvo, Ahinóam Rodríguez e eu mesma.

«... a Universidade ten que facerse máis eco desta problemática e, en conxunto e por extensión, os diferentes poderes públicos...».

Entre os que alí falamos ese martes, tratamos de representar varias formas de "capacidades" que tiñamos desenvolvidas como resposta a problemas coma a xordeira, a falta de mobilidade nas pernas, o síndrome de cristal (ósos moi fráxiles), a enfermidade síquica e a parálise cerebral.


En conxunto o que diximos alí, na facultade de Socioloxía, foi que a Universidade ten que facerse máis eco desta problemática e, en conxunto e por extensión, os diferentes poderes públicos porque, se ben é certo que contamos cunha garantía lexislativa coma é a Constitución Española do ano 1978 que no artigo 14 di que: "*los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social*"; *isto non é suficiente.*

Así, o artigo 9.2 da Constitución tamén di que: "*Corresponde a los poderes públicos remover las condiciones para que la libertad y la igualdad del individuo y de los grupos en los que se integra sean reales y efectivas;remover los obstáculos que impidan o dificulten su plenitud y facilitar la participación de todos los ciudadanos en la vida política, económica, cultural y social*".



Tamén, o artigo 49 di que: "*Los poderes públicos realizarán una política de previsión, tratamiento , rehabilitación e integración de los disminuidos físicos, sensoriales y síquicos, a los que prestarán la atención especializada que requieran y los ampararán especialmente para el disfrute de los derechos que este Título otorga a todos los ciudadanos*".

Así tamén se conta coa Ley de Integración Social de los Minusválidos (LISMI), 1982 e, coa Ley 51/2003 de 2 de diciembre de igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con minusvalía. Estas dúas leis tratan de diferentes



medidas que se deben adoptar para ter maior participación en tódalas esferas da vida.

Finalmente, as Universidades están obrigadas a reservar un 3% de prazas para persoas con minusvalías, e, a Universidade da Coruña contempla nos seus Estatutos medidas para facilita-lo estudo a este grupo de persoas.

A cuestión pois, non é tanto que non se conte con Leis , ou con medidas, senón –como se dixo alí– que é preciso que estas leis se cumpran urxentemente pois, o colectivo de xente con (dis)capacidade queda moi lonxe de conseguir unha plena integración económica, social e política. Por exemplo, diferentes estudos sinalan que o paro neste colectivo ronda o 80% e que hai un gran número de persoas deste colectivo que perciben pensións que rondan os 280 euros/mes e, que viven cos pais/nais porque non se lles está a ofrecer unha vivenda alternativa. E non está de máis que se diga dende esta tribuna que o goberno de Touriño comprometeuse a subi-las citadas pensións até o Salario Mínimo Interprofesional, medida que espero e desexo que se cumpra para que mellore –en parte sequera– o poder adquisitivo deste colectivo, e, deixo aquí esta cuestión porque ben sei que esta non é a solución; quizabes en artigos posteriores aventure cal pode se-la solución.

Agora, vou centrarme un pouco máis no papel que na mesa redonda deducimos que pode ou debe xogala Universidade fronte á (dis)capacidade e, é así, porque accedendo ós estudos universitarios poderiamos integrarnos mellor no mercado laboral e así acadar reduci-la porcentaxe de paro neste grupo. Mais, os que acadamos os estudos universitarios somos tan só arredor do 2%(co cal os que alí estabamos somos practicamente a excepción), e, este feito débese en parte, a que non se lle está facilitando o estudo a este grupo de persoas.

A Universidade da Coruña, conta dende hai ano e medio co Servizo de Atención á "Diversidade", así como co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa(CUFIE) mais, isto non é dabondo, e, non o é porque non se sabe moi ben en qué consiste este servizo por parte do profesorado, por exemplo, ou –se se sabe– en qué pode consistir dende o momento en que nós falamos alí e diximos que fan falta máis medios como:

- Maior número de persoas formada na linguaxe de signos.
- Un profesorado consciente de que determinada xente precisa doutro sistema de valoración á hora de examinarse.
- Maior investimento para supera-las barreiras arquitectónicas que aínda existen na Universidade da Coruña.
- O compromiso por parte de todo o persoal da Universidade para que non nos atopemos con barreiras de todo tipo, non só as arquitectónicas, senón tamén as psíquicas e as intelectuais que –quizabes– son as máis difíciles de romper e que non se modificarán mentres non se faga un programa serio de Concienciación e Sensibilización a todo ó persoal da Universidade.

En definitiva, o papel que xoga a Universidade (en tanto que é a institución cume da ensinanza e de onde sae gran parte do pensamento que dalgún xeito delimitará as nosas vidas) é moi importante e, daquela, sería de agradecer que esta comezase xa a educar dende a diversidade (e non dende a tan vista uniformidade que non fai máis que enchernos de prexuízos,) para así ser cidadáns universais e enormemente críticos, papel que debería ser un dos cometidos de toda Universidade que se pretenda denominar como tal.

«A cuestión non é tanto que non se conte con Leis , ou con medidas, senón que é preciso que estas leis se cumpran urxentemente».

CORREO



Amadeo Varela Rodríguez

1ª COMUNICACIÓN

Ferrol 23 de outubro de 2005

Despois de ler con moita atención o artigo sobre Recimil, escrito por D. Juan J. Burgoa e publicado na revista Atenea nº 21, desexo comunicarlle o meu desacougo, ante a imposibilidade de respostar, de xeito inmediato e con igual difusión, pola inclusión de algúns conceptos, parágrafos e cualificativos que, ainda que me merecen o maior dos respectos, non me parecen moi rigorosos.

Quede constancia, en primeiro lugar, do meu agradecemento, como veciño de Recimil, do interese do Sr. Burgoa por unha solución axeitada para o meu barrio e os seus habitantes, o que non impide o meu desacordo con certos argumentos e matices.

Para comezar, é precisamente o respecto, a primeira das cuestións das que me gustaría falar, pois coido que a recomendación do Sr. Burgoa de "sempre respecto", non a aplica no seu propio caso. Por exemplo:

Cualifica como "incomprensible" a inclusión do barrio de Recimil no Inventario de Patrimonio, sen amosar respecto polas persoas que decidiron dita inclusión, que as súas razóns terían.

Seméllalle claro que o Recurso contra a descatalogación de Recimil é unha cuestión "que non se ten en pé", sen respectar a decisión dun grupo político, que fundamenta o citado recurso na ilegalidade dunha decisión, baseada unicamente nun expediente cheo de mentiras, verdades a medias e insultos ós veciños. O que non se ten en pé é a actuación caciquil e ilegal, do goberno municipal e do anterior Director Xeral de Patrimonio.

Non parece tampouco que lle mereza moito respecto a opinión dos Arquitectos que defenden a rehabilitación, pois ainda que menciona as virtudes que eles ven no barrio (hixienismo, limpo trazado e racionalismo das edificacións), considera incomprensible a súa inclusión no Inventario de Patrimonio.

No caso dos conceptos que considero moi pouco rigorosos, destaco o seguinte: "... en liñas xerais, o amplo tamaño do barrio e a mala calidade dos materiais empregados, ademais da baixa renda pagada polo seu aluguer, foron os maiores inconvenientes para o seu mantemento integral ..."

Pois non.

Primeiro: o da mala calidade do materiais –que se está a converter nun tópico pola insistencia dos partidarios da derruba– é máis teórico que real; os edificios están construídos con muros de pedra de granito, cun mínimo de 40 centímetros de espesor, e no seu interior, os antigos materiais xa foron substituídos polos veciños por outros modernos, na inmensa maioría dos casos. Como mala calidade quedan unicamente os tellados e o recebo das paredes exteriores. E non deberían ser de tan mala calidade, cando levan 60 anos aguantando, con un mantemento case que nulo e sen que fosen pintadas por completo, nin unha soa vez.

Segundo: O da baixa renda é un tópico. Cando se inauguraron as casas, as rendas eran tan caras, que moitas familias renunciaron ás vivendas, por non poder pagalas. E durante os trinta primeiros anos, os gastos de mantemento foron practicamente nulos. Co tempo, as rendas foron quedando desfasadas, e o mantemento seguiu a ser case nulo. En repetidas ocasións, os veciños propuxemos ó Concello a actualización das rendas, para realizar un mantemento axeitado. Nunca se nos escoitou, porque non interesaba conservar o barrio. Deste xeito, manipulábase dobremente á opinión pública: por unha banda o deterioro dos edificios e pola outra as baixas rendas. O que interesa é o negocio que supón derruír.

Outros dos tópicos que se lle colgan gratuitamente a Recimil son, o do "illamento", o da "fealdade", o de "aspecto cuartelario", "os problemas de convivencia" ... Para todos eles hai argumentos de peso que demostran a súa falsidade, pero que farían interminable esta carta.

Tampouco é unha verdade total, o das "dúas asociacións veciñais que defenden concepcións contrapostas". Hai unha Asociación que defende a rehabilitación; o Presidente da outra quere a derruba.

Para rematar, paréceme totalmente fóra de lugar, a efectos de solución, a comparación de Recimil co histórico barrio da Barceloneta. En Recimil están as rúas máis anchas de Ferrol, cunha de 28 metros, catro de 22 e varias de 16 metros, todas con árbores e algunhas con xardíns. As vivendas das Casas Baratas teñen todas luz e aireación directa en todas e cada unha das súas pezas, cousa da que non poden presumir moitas casas de Ferrol. Xa que logo, a referencia á Barceloneta, non parece moi atinada.

Para rematar, sinalar que o intento de derruba do barrio non é dos "últimos tempos", senón que os veciños levamos loitando máis de vinte anos, para acadar a rehabilitación e evitar a derruba, o que xa se converteu no noso particular purgatorio.

2ª COMUNICACIÓN

Con referencia á carta que lle enviei, alusiva ó traballo do Sr. Burgoa sobre o barrio de Recimil, e que vostede dixo ter gardada para a súa publicación do próximo trimestre, comunícolle que, se eu soubese a súa intención de publicala, podería ter feito algo máis extenso e clarificador o tema.

Por se vostede o considerase de interese, envíolle agora algúns datos referentes ás Casas Baratas, que son unha parte de Recimil, e que considero de verdadeira importancia.

DATOS

Aparcamentos gratuítos en superficie	930
Árbores nas rúas e prazas	240
Arbustos importantes	23
Prezo medio de aluguer (aproximado), en 1948	140 ptas.

Este elevado prezo para aqueles tempos, fai pensar ós adxudicatarios das vivendas, que se fixo un cálculo para a amortización e se impuxo como renda de aluguer (Ver BOE 20/04/1939 e BOE 02/10/1939).

INTENTOS DE COMPRA POR PARTE DOS VECIÑOS

Por parte dos veciños, fixéronse varios intentos de mercar as vivendas, realizándose entrevistas con diferentes Alcaldes e partidos políticos. Os máis importantes foron:

No mes de outubro de 1987, aprobouse **(primeira vez)** por acordo plenario unánime a creación dunha comisión institucional para a venda das vivendas ós seus adxudicatarios.

No mes de outubro de 1993, aprobouse **(segunda vez)** por outro acordo plenario unánime, a creación dunha comisión institucional para a venda das vivendas ós veciños.

Nas dúas ocasións, os **acordos plenarios unánimes** foron "reventados" de xeito ilegal unilateral e caciquil polo goberno municipal do Partido Popular.

O primeiro destes intentos morreu practicamente sen ter comenzado, boicoteados sistematicamente os traballos polo Presidente da Comisión, o Concelleiro de Urbanismo (AP) que de maneira arbitraria disolveu a comisión, sen outro requisito que a súa vontade e a do seu partido político.

No segundo, realizáronse varias reunións de traballo, acadándose un informe do Secretario Municipal, (10 de xaneiro de 1994) no que certificaba non existir impedimento legal para a venta, comezándose as xestións para a división horizontal dos inmobles, por medio dunha empresa especializada, (Hermanos Alonso Garrán), contratada polo Concello. As eleccións municipais e o cambio de goberno propiciaron que o novo Concelleiro de Urbanismo (PP) suspendese os traballos, anunciando a súa intención de proceder ó derribo da barriada.

A CATALOGACIÓN PATRIMONIAL

As Casas Baratas foron catalogadas no Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico, como grupo de vivendas a protexer, pola Orde do Excmo. Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 3 de abril de 1991, xa que estaban así clasificadas, polo Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ferrol, con data de abril de 1984, clasificación que se revocou co Plan Xeral de decembro de 2000...../ .....

A DESCATALOGACIÓN

A descatalogación produciuse en abril de 2005, mediante a aceptación da solicitude expresada polo Concello, baseada nun "Expediente" cheo de falsidades e insultos ós veciños.

Algunha das falsidades e dos insultos:

Di o expediente que Recimil ..... "na actualidade atópase nunha situación de degradación, tanto en aspectos urbanos <u>como de carácter social</u>".

"... o barrio ten carácter marxinal".

"... o barrio sofre un forte deterioro estructural".

"... as condicións de habitabilidade non son aceptables no momento actual"

"Xérase un proceso irreversible de deterioro que unha rehabilitación non podería emendar".

"... outros problemas de carácter social agravaron a situación de illamento do barrio e favoreceu a crecente inseguridade..."

"... Recimil estase a converter nun gueto con problemas de tráfico e consumo de drogas".

A estas falsidades e "verdades a medias", hai que engadir o total descoñecemento do barrio por parte dos redactores do expediente, porque:

Confunden "mercado" con "mercadillo".

Afirman que ... "é patente a ausencia de definición dos espazos rodados dos peonís..." e que hai .... "escasez de mobiliario urbano e un baixo nivel de alumeado nocturno".

Falan de deficiencia das vivendas, ... "<u>tanto no seu interior</u> como no exterior..."

Refírense a edificios de dúas e tres plantas, cando son de tres e catro, e na Praza de España de seis. (Ou non viron o barrio, ou non contan a planta baixa).

E din todo isto asegurando que se fixo ... "unha inspección visual...", que está claro que non se realizou nin sequera por fóra.

Por outra banda, o informe dos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio que da lugar á desclasificación, consiste nun parágrafo de cinco liñas, nas que se di que: ... " non podemos afirmar que o actual barrio de Recimil teña os valores artísticos ou antropolóxico ..."

Pero, ¿pode admitirse isto como unha afirmación de que o barrio non ten eses valores?

E segue ... "o valor histórico que puidera ter é máis teórico que real, posto que a proposta orixinal de Rey Pedreira foi desvirtuada e o valor cultural dende o punto de vista urbanístico, arquitectónico e social baseado no ideario do Movemento Moderno veuse adulterado e trastocado na súa realización e construción".

Pero, ¿foi o proxecto de Rey Pedreira o que se clasificou, ou foi o actual barrio de Recimil o que foi considerado por Patrimonio como "conxunto de vivendas que se deben protexer"?

Algunhas das barriadas similares ás Casas Baratas de Recimil en Europa.

Landlust en Ámsterdam (Holanda, 1925)
Kiefhoek en Rotterdam (Holanda, 1925) (A nosa é case que igualiña a esta)
Britz en Berlín (Alemaña, 1926)
Römerstadt en Berlín (Alemaña, 1927)
Siemensstadt en Berlín (Alemaña, 1929)
Weissenhof en Stuttgart (Alemaña, 1929)
<u>(Rehabilitadas e coidosamente conservadas)</u>

88



Ferrol. Novembro 2005

Carta aberta á Xunta Directiva do ATENEO FERROLÁN.

Quero expresar varios comentarios sobre a marcha da nosa Entidade e aproveitando o ofrecemento da Revista *ATENEA* espero teña cabida esta opinión miña que comparte máis dun socio. Tamén confío en que algún se anime a escribir a favor ou en contra do que digo, aproveitando así o foro de debate que a Revista ofrece, estando a ser a realización máis salientable desta directiva.

§ En primeiro lugar habería que dicir que non hai directiva pois salvo o Presidente e un par de membros máis, á maioría non se lles ve, nin se coñecen, nin se lles espera,...

§ Considero que duns anos para acá a perda de valores tradicionais do noso ATENEO ven sendo alarmante:

- Os Xoves Teatrais.
- As Conferencias e Mesas de Debate.
- Nalgunhas exposicións non se recolleu o cadro do artista para os fondos do ATENEO.
- Vai facer dous anos que se anunciou o ATENEO do SÉCULO XXI e non hai noticia nin sinal algún.
- Estamos implicados en reivindicacións de causas case que perdidas, ... ETC.

Espero algunha contestación a estas cuestións. Saúdos.

ATENCIÓN!! PERIGO!!

A TODOS OS SOCIOS E SOCIAS:

A REVISTA ATENEA (XA VAI O Nº 22), CON MÁIS DE 5 ANOS DE VIDA, ATÓPASE NUNHA DELICADA SITUACIÓN, CON SERIAS DIFICULTADES PARA A SÚA CONTINUIDADE, POR RAZÓNS DE ECONOMÍA, DO SEU FINANCIAMENTO, NON POR NINGUNHA OUTRA CAUSA.

RECOÑECEMOS E NOS RECOÑECEN UN ALTO NIVEL ACADADO TANTO NA SÚA PRESENTACIÓN COMO NOS SEUS CONTIDOS.

PENSAMOS QUE VALE A PENA MANTER ÁMBOLOS DOUS VALORES E CONTINUAR CON ESTE VEHÍCULO DE COMUNICACIÓN E DE DIFUSIÓN CULTURAL.

SUXERIMOS A CONSTITUCIÓN DUN FONDO DE SUBSCRITORES (SOCIOS/AS OU NON) QUE APORTEN UNHA COTA TRIMESTRAL PARA O MANTEMENTO DA PUBLICACIÓN, PODERÍA ESTABLECERSE EN 6 EUROS E RECIBIRÍAN DOUS EXEMPLARES.

ADMÍTENSE OUTRAS IDEAS PARA ACADAR O OBXECTIVO.

DEFENDAMOS UNHA PUBLICACIÓN ABERTA, VOCEIRO DUNHA SOCIEDADE ABERTA, TOLERANTE E DIFUSORA DA NOSA CULTURA.

O PRESIDENTE

24/10/2005: CONGRESO INTERNACIONAL DE FEMINISMO ISLÁMICO

Dar a coñecer o emerxente movemento do feminismo islámico pola igualdade de oportunidades, foi un dos principais obxectivos deste congreso.

No marco da ascensión dos movementos feministas occidentais e da loita pola igualdade de oportunidades, falase moito da opresión á que son sometidas as mulleres islámicas.

Sen embargo, a maioría das veces téndese á xeneralización, esquecendo a existencia de movementos feministas islámicos que loitan para que a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres tamén sexa unha realidade na cultura musulmana. Estes movementos consideran que non é o Corán o que suxire a discriminación da muller, senón que se produciu unha degradación da tradición e unha terxiversación dos textos sagrados, que tivo como resultado a actual estructura patriarcal que domina nos países de maioría musulmana. Postula, así mesmo, que o Islam xenuíno contén importantes elementos de liberación, e propón a recuperación destes como marco da emancipación da muller musulmana.

Coñecer a súa formulación.

Para acercar ó público estes movementos, a Xunta Islámica Catalana, organizou este congreso no que se pretendeu dar a coñecer o emerxente movemento das mulleres musulmanas en favor da igualdade de xénero, tanto a nivel teórico como sobre o terreo. Da mesma maneira, preténdese que estes movementos sexan coñecidos polas mulleres musulmanas que viven en España, como un elemento de integración, como alternativa ás lecturas machistas dominantes.

A través do congreso se pretendeu, tamén, lograr unha coordinación entre os movementos feministas musulmanes e occidentais xa que dado o crecente número de musulmanas que viven nos países occidentais, é preciso que as feministas occidentais coñezan os termos nos que se formula a cuestión de xénero no terreo do Islam.

O feminismo islámico.

O feminismo islámico é un movemento reformista centrado no Qur'án, realizado por mulleres musulmanas dotadas do coñecemento lingüístico e teórico necesario para desafiar as interpretacións patriarcais e ofrecer lecturas alternativas en favor da mellora da situación das mulleres e como refutación dos estereotipos occidentais e da ortodoxia islamista.

As feministas islámicas son críticas co estatus legal e a posición social e recoñecen que as mulleres están situadas en posicións subordinadas por lei e por costume na familia, na economía e na política. En particular, elas son críticas cos contidos das *leis de familia musulmanas* e cos modos nos que estas leis restrinxen os dereitos humanos das mulleres e privilexian ós homes. E elas rexeitan a idea de que o Islam estea implicado neste estado de cousas.

O seu argumento alternativo é que o Islam foi interpretado ó longo dos séculos (e especialmente nos tempos recentes) dun modo patriarcal e a miúdo misóxino, que a chamada lei islámica o sharia foi mal comprendida e mal aplicada, e que tanto o espírito como a letra do Qur'án foron distorsionados. A súa insistencia en que aquilo que é presentado como lei de Deus é de feito unha interpretación humana e constitúe un audaz desafío á ortodoxia contemporánea.

O CUME IBEROAMERICANO DE SALAMANCA EMITE UN COMUNICADO ESPECIAL SOBRE A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES E A EQUIDADE DE XÉNERO

Mulleres en Rede / Domingo 16 outubro 2005

Os medios de comunicación tradicionais nin sequera o mencionaron pero no Cume de Iberoamérica produciuse un logro importante no camiño na loita pola defensa dos dereitos das mulleres: a inclusión da violencia contra as mulleres na axenda oficial.

A pesar de que non tivo moito reflexo nos medios de comunicación tradicionais, un dos COMUNICADOS ESPECIAIS -O COMUNICADO Nº 3- ANEXOS Á DECLARACIÓN DO CUME IBEROAMERICANO DE SALAMANCA celebrado os días 14 e 15 de outubro do 2005 pon o acento na loita contra a violencia cara ás mulleres e a equidade de xénero.

As organizacións de mulleres celebramos a inclusión deste punto na axenda oficial iberoamericana e esperamos que sirva como novo referente para os países membros facilitando o traballo das organizacións de mulleres que dende hai anos veñen denunciando esta situación.

Lamentamos que os medios de comunicación tradicionais puxeran de maneira case que exclusiva o acento á reacción de Estados Unidos ante o comunicado especial nº 7 do Cume relativo ó bloqueo a Cuba e non se producise nin sequera unha mínima mención ó importante logro de engadir na axenda a violencia de xénero, algo que afecta a máis da metade da poboación iberoamericana.

Texto oficial:

A violencia contra as mulleres é unha grave violación dos dereitos humanos e constitúe unha das manifestacións máis flagrantes da feminización da pobreza.

Comprometémonos, en consecuencia, a promover políticas que contribúan a erradicar a violencia contra as mulleres e a asegurar o pleno goce dos dereitos e liberdades fundamentais das mulleres.

Priorizaremos na nosa axenda a promoción de políticas con enfoque de xénero e consolidaremos medidas legais que garanten o empoderamento económico, político e social das mulleres, convencidos de que unha maior equidade contribuirá ó fortalecemento de sociedades máis democráticas e máis xustas.



TRÍADAS QUIXOTESCAS

Aínda que o diga Cervantes
e volo confirme a memoria,
non vos foi así a historia.

Non vos foi pola lectura
en sí, que o bo do Quijano
caeu un día na loucura.

Leu nos libros cabaleiros
coitas e inxustizas tantas,
tantos feitos traizoeiros,

que o cerebro, anoxado,
secoulle, si, mais de raiba
por ver tal desaguisado.

Contra os malvados felóns,
lanza en ristre se lanzou,
coa mellor das intencións.

Veu nos muíños xigantes
para librar os camiños
do medo, que fai ignorantes.

De galeotes a corda
librou, para mostrar que cega
xustiza non é, mais xorda.

Anda que anda secas terras
manchegas, deixou pro mundo
clara a sinrazón das guerras.

Mellor dar nesas lideiras,
por cultas e amenas que son,
que axudar aos das fogueiras;

mellor ter feliz a mente
ocupada en mil soños bos,
que submisa no presente;

Mellor o libro aberto ao sol,
pan de vidas farturentas,
que o espírito de caracol;

mellor a teima de pensar,
lendo e aprendendo arreo,
que o fanatismo, ou calar.

E fala que fala con Panza
demostrou por enésima
que valen verbas, non lanza.

E brega que brega, Quijano,
tolo ou cordo, con opinión,
ergueu a raíz do humano.

Agosto 2005

Emilio Xosé Ínsua

A SOMBRA DO CABALEIRO É ALONGADA

O cabaleiro da chaira manchega
cabalga insomne cada madrugada
- catro séculos perseguindo unha quimera –
os intrincados camiños da vida,
retando á traidora realidade
para baterse en duelo cos impostores,
salteadores que arrasan os territorios dos soños.

O cabaleiro da Triste Figura
converte cada viaxe en aventura,
sabe ben que a liberdade
é unha incansábel conquista do corazón,
unha loita, corpo a corpo, cos encantadores
.... son moitos os perigros que asexan ao enxeño.

O señor Don Quixote ten pensamentos xenerosos,
ata Sancho goberna a súa Ínsua
na fronteira da fantasía.
muíños ou xigantes?,
non todo é o que parece.

A sombra do cabaleiro é alongada.

Agosto 2005

rolán

Xoan Neira

TRAZA DE D. QUIXOTE

Desvelado na leitura
fixou nun soño a verdade
disfrazando a súa cordura
de fiel cabaleiro andante
inmorredoiro na historia
perenne na inmensidade.

Foi defensor da ilusión
dos amigos, da lealdade
da fe do seu corazón
do valor da dignidade.

Heroe de vocación
practicante da bondade
viviu a súa razón
cuberto de maxestade
querendo que a súa misión
fose a prol da humanidade.

Aurora Varela





Enrique Pereira Pereira

CATROCENTOS TROTES (I)

Agora vedes, co día,
que daquela non mentía,
que nin de lonxe me enganan
quen por tanto se afanan.

Agora as vellas fantasmas
trocan logo de faciana
cos mesmiños aspaventos
viraron viles co tempo.

Veredes nestroura viaxe
que acaso a natura falle:
¡que de necesidades, Sancho,
perduran co mundo andando!

Mais ¡que gran mudanza, Panza!
outea a lontananza
en lugar de piñeiros
plantaron todo de muíños.

Fea paisaxe, amigo,
e aínda encolle o espírito
toda esta terra en guerras:
¡ O Toboso non é o que era!

Agosto 2005

Vicente Míguez

POESÍA E CAMIÑO

¿E se foses ti poeta da dozura?
¿E se fosen Dulcinea a túa musa
e o seu nome de azucre,
na metáfora da quimera, unha mensaxe?

Daquela, vería eu enguedellados aos versos,
A piques de afogar, nas mans do vento;
Ceibes despois, ao fuxir das aspas do muíño,
Cara un camiño
Ateigado de cordos pensamentos;
Unha liña trazada
Co vértice afiado das que foron armas túas,
Ás palabras, porfiadas,
Subliñando miserias deste mundo,
Sinalando rumbos, pescudando un destino incerto.


¿E se foses ti,
coma as palabras, vagabundo, poeta da cordura?
¿E se fora ficción a porta aberta á locura?

Daquela, cordo ou tolo,
¿qué mais ten?
Vives para nós nun cenfollas,
Mascarón de prosa nas ondas de poesía ...

Daquela, se é de papel o ronsel,
Se poeta foi o cabaleiro andante,
Cabaleiro andante sexa o poeta canda el.

Xullo 2005

Rosa Mª Martínez Dios



A un amigo

Teu é o recuncho interior da ría
onde os solpores lle dan as costas ó sol
na sinfonía de luces que espertan os soños;
o carinas que cantan no Vento do Azul.

Das brincos dialécticos ollando a outra beira,
actor sempre presente nas escenas da vida.

Gubia que labra as puntas dos conflictos,
rebelde con causa nos confetis absurdos;
arrepiado polas inxustizas que abafan
ñapas lóstregos de liberdade nas noites
abrindo ronseis nas pechaduras que atenazan.

Xosé Leira

¡Qué mágoa!
Báixome do tren
da existencia sin ti.

Xa deixaron de soar as campás
e a lama anégame.
Abandonei o tren do infinito
a pesares da conciencia crara
de non ter sido aleve.

Cecais aínda desexe
algunha caricia túa
ou un bico puro
ou estrano da túa boca.

Ou cecais un xirón de lúa
que me faga tremer.
¡ Aínda sendo fugaz !

Mais, non pode ser ...
Pode que non o sinta.

Non polo que foi
senón
pola maneira alevosa
con que xa non o é.


20 – outubro - 2005

TONO da GRAÑA



Fina Pena: *Belén*

A IMAXE 



ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org